

**LEITE** A industria láctea agudiza os abusos co envío de ameazas a través de burofax ▶ 6

**VIÑO** O peor da crise pola Covid-19 aínda estaría por vir nalgúns DOs ▶ 14 e 15



**EDITORIAL O decreto dos xurros**

O negocio da merda: Ou sacas un título oficial ou vas ter que pagar para que che ensinen a botar o esterco ▶ 2 e 3



# FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLVI - Nº 331 - Setembro-Outubro 2020

## EXCLÚEN 10.000 GRANXAS DAS AXUDAS COVID AO VACÚN



O 25 de setembro, a Dirección de Vacún de Carne do SLG realizaba unha acción de protesta diante da Consellaría de Medio Rural para denunciar a ausencia de medidas de apoio aos sectores agrogandeiros afectados pola Covid. Ao pouco, a Xunta contestou anunciando axudas para un dos sectores máis afectados, precisamente o da carne de vacún. Pero feita a axuda, feita a trampa: as granxas con menos de 10 vacas non poden solicitala. Resultado? Das 19.708 en activo, ficaron excluídas 10.284. ▶ 4 e 5

### Varios concellos aproveitan as restricións da Covid para clausurar mercados

Se dura foi a guerra durante o confinamento de primavera para convencer ás autoridades que non existían motivos científicos para prohibir os mercados labregos ao ar libre; nos seguintes meses a moitos concellos víuselles o plumeiro neste tema, ao volver impoñer prohibicións temporais e mesmo clausurar mercados. ▶ 7 a 9



A sexta Xornada de Granxas Abertas viaxa a Monfero cun invitado especial: o director de cinema Oliver Laxe ▶ 21

**PAC** O SLG desenvolve unha campaña política para facer fronte común de cara a loitar por unha PAC que respecte os intereses de Galiza ▶ 18 e 19

**FONDOS PDR** Perigan máis de 40 millóns de euros do Plan de Desenvolvemento Rural para apoiar a venda directa ou a formación agraria ▶ 10 e 11

**INCENDIOS** SLG e Amigos da Terra piden o Consello Forestal tras outra campaña desastrosa co lume ▶ 12 e 13





# O negocio da merda

O 24 de setembro, publicouse o borrador de real decreto polo que se establecen normas para a *nutrición sustentable* dos solos agrarios. Entre os principais obxectivos da normativa proposta, preténdese acadar unha achega sustentable de nutrientes nos solos agrarios, mantendo ou aumentando a produtividade destes, pero diminuíndo ao mesmo tempo o impacto ambiental dos fertilizantes no medio, especialmente do nitróxeno e do fósforo.

Isto débese a que o Estado Español adquiriu uns compromisos de redución de gases con efecto invernadoiro (GEI) diante dos seus socios europeos, poñendo o foco non só no CO<sub>2</sub> (dióxido de carbono), senón tamén no NH<sub>3</sub> (amoníaco), polo seu potencial en CO<sub>2</sub> equivalente (cada tonelada de amoníaco equivale a 25 toneladas de dióxido de carbono). Neste senso, identificou a gandería como principal emisora deste gas, tanto por xeración como por mala xestión, pero non só, senón que puxo o foco en todos os sectores agrogandeiros, pois tamén culpa a agricultura como grande emisora do óxido nitróxeno xerado polos fertilizantes nitróxenos.

O Ministerio de Agricultura erra ao poñer o foco nos sectores agrogandeiros como emisores de GEI, identificando mal as causas e formulando erroneamente as solucións. Unha vez máis, o lobby da agroindustria impuxo o seu criterio, dende Bruxelas até a granxa máis pequena, pasando polos despachos de Madrid: Mudar todo para que non mude nada.

## ■ Non se libra ningún: do sector lácteo ao forestal, do vitícola ao froiteiro

Até o de agora, a grande preocupación diante deste decreto foi que tipo de cisterna mercar, que se pratos, discos, tubos, insecto-

res..., e a escolla do modelo de tractor quen de tirar do armatoste. Pero ninguén falou das novas obrigas burocráticas: análises de solos e materiais empregados, obrigatoriedade de asesoramento, caderno de fertilización, restricións no amoreamento, inspección de equipos, plan de adubado, etcétera.



Nun principio, só o sector lácteo se amosaba preocupado. Despois, tamén o vacún de carne. Pero non nos enganemos: O decreto afecta todo o conxunto de sectores agrogandeiros, mesmo o forestal, xa que o ámbito de aplicación abrangue *“todas as actividades agrícolas que aporten de forma directa ou indirecta nutrientes ao solo ou que modifiquen as propiedades e características física, químicas ou biolóxicas do solo”*. É dicir, até a leira máis pequena de maciñeiras que se dedique á venda terá que cumprir co disposto neste decreto (de chegar a aprobarse tal e como está redactado no seu borrador), mesmo os pequenos viñedos, grandes esquecidos da Política Agraria Común (PAC).

## ■ Non distinguen o esterco do xurro

A primeira hostia nos dentes: O borrador non diferencia esterco de xurro. Todo é o mesmo, variando só o contido de humidade. Agronomicamente é un disparate, xa que obvian os beneficios do esterco fronte ao xurro: menores perdas de amoníaco, maior contido en carbono orgánico, mellor conservación da estrutura do solo, mineralización máis lenta, precursor da microbioloxía do solo, etcétera; e equipara un esterco de vacún ecolóxico cun xurro de porcino intensivo en canto á súa xestión (agronómica e burocrática).

Quen redactou o borrador ou descoñece o sector primario ou tenta perpetrar un novo atentado para vender a España baleirada ao mellor ofertante. Vexámolo:

- ✓ Todas as limitacións de xestión aplícanse sobre os adubos orgánicos: análises, rexistros, sistemas de aplicación, etcétera, independentemente do tamaño da granxa ou do sistema de produción. Van ter os mesmos requirimentos unha horta de unha hectárea que unha granxa de 6.000 porcos.
- ✓ Na definición de solo agrario, inclúense ermos e terras para cultivo de especies forestais de crecemento rápido. Mesmo inclúe estes cultivos dentro da definición de Superficie Agraria Util (SAU). Polo visto, xa se deben poder plantar eucaliptos para queimar en Greenalia (Teixeiro) nas leiras nas que xa non se sementan patacas.

- ✓ Introduce a figura d@ asesor/a en fertilización de modo obrigatorio para quen apliquen materiais fertilizantes, excluindo as *“explotacións reducidas”*, sen saber moi ben a que se refire este concepto. Dá igual o tipo de agricultura que fagas ou os coñecementos das túas leiras que teñas: Ou tes título ou tes que pagar para que che ensinen a botar o esterco.

SEGUE ►

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



# FOUCE

Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN  
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:  
Isabel Vilalba Seivane e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN  
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN  
Andrés Castro, Ana Rodríguez, Brais Álvarez, Ana Eiras, Isabel Vilalba Seivane e Miguel Méndez

PECHE DE EDICIÓN 30-10-2020

ENDEREZO  
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147

prensa@sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147  
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532  
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429  
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177  
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632  
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908  
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377  
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781  
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS ☎ 630 970 131  
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230  
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547  
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154  
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886  
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804  
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379  
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886  
RIBADEO Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, nº 1 A, 1º E. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 698 159 667  
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431  
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714  
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232  
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268  
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508  
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394  
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

# Ou sacas unha titulación oficial ou pagas para que che ensinen a botar o esterco

A figura d@ asesor/a é outro engano máis, unha maneira de que a agroindustria meta o pé nas granxas, xa que non se especifica ningún tipo de incompatibilidade da persoa que asesora con quen vende o material fertilizante, de maneira que poderá impoñer o seu criterio sobre con que e con canto se pode fertilizar unha leira. Dito doutra maneira: Un bo negocio para os enxeñeiros e enxeñeiras que traballan para casas comerciais de material agrícola e para as propias empresas, pero que nada achega á sustentabilidade nin á resiliencia das granxas. Por que?:


- ✓ Porque permite o emprego de lodos de depuradora e refugallos da agroindustria para producir alimentos, sen incluír novas restricións ou obrigas no seu uso. O borrador mesmo permite até medio quilo de plásticos por tonelada de material.
- ✓ Porque está por ver se o control no emprego destes produtos se vai facer en serio ou vai ser unha comedia como até agora.
- ✓ Porque os niveis de metais pesados máximos permitidos son obsoletos, máis cando nalgúns comunidades autónomas xa revisaron estes valores, reducíndoos.
- ✓ Porque segue a penalizar as pequenas granxas, independentemente da súa orientación produtiva, ao facelas incorrer en custos innecesarios para a maioría delas.
- ✓ Porque a base de datos do Ministerio para calcular as emisións do sector vacún de leite está errada e non cumpre as directrices metodolóxicas internacionais, xa que non contempla a existencia de gando de aptitude leiteira en pastoreo, cando o 61,2 % das granxas fan pastoreo con algún ou coa totalidade dos lotes do rabaño (producción, secas e xatas).
- ✓ Porque en ningún momento se fala dos pastos permanentes, sabendo que estes “cultivos” están directamente relacionados con sistemas de produción máis extensivos e sustentables, e con emisións de GEI moito mais baixas. Ademais, dende o punto de vista de conservación dos solos como “solos vivos” este é un dos mellores sistemas (cun manexo correcto do rabaño e do pasto).
- ✓ Porque no que respecta ás boas prácticas de aplicación dos xurros só se fala de tecnoloxías caras e pouco viables na maioría do territorio galego

## ■ O novo concepto de viticultura heróica: enterrar o esterco na Ribeira Sacra

O debate que se está a realizar nos medios sobre este tema estase a centrar exclusivamente nas granxas de leite e algo nas de carne, xa que estas son as que teñen mais obxecto de redución, esquecendo por completo ao resto de sectores, algúns por interese e outros por desleixo.

Por desleixo, esquecese no debate todo o sector de horta e cultivos leñosos (froita e viña) do país, xa que, como aplicadores de fertilizantes, tamén terán que cumprir coas disposicións deste borrador. A ver como fan na Ribeira Sacra para amorear os esterco e enterralos nas catro horas seguintes á súa aplicación.

Non se fala das ganderías sen terra intensivas, principalmente as de porcino, que son as principais emisoras de GEI e as únicas que incrementaron emisións dende 2016.



## Batería de alegacións do SLG para frear o decreto

O equipo técnico do Sindicato Labrego redactou 24 páxinas de alegacións que se presentaron contra a aprobación do borrador presentado polo Ministerio de Agricultura antes do 19 de outubro, data na que remataba o prazo de exposición pública. De maneira moi resumida, dende o SLG defendemos:

- ✓ Unha discriminación positiva para as granxas ecolóxicas, as pequenas explotacións familiares e os proxectos agrarios biodiversos ao entender que este decreto repercutirá negativamente na súa viabilidade e na supervivencia do seu modelo produtivo.
- ✓ A excepción ao cumprimento do decreto (ou a flexibilización deste) nas granxas de pequeno tamaño que practiquen un modelo de agricultura sustentable, que empreguen métodos de xestión / aplicación tradicional dos esterco, que practiquen agricultura en zonas de alto valor natural ou que sigan prácticas agroecolóxicas en todo o seu conxunto.
- ✓ Unha norma máis estrita para as granxas sen terra, as altamente intensificadas e aquelas que empreguen lodos de depuradora ou residuos para a produción de alimentos.
- ✓ A exclusión dos cultivos forestais de crecemento rápido como producións agrarias, e a súa exclusión da definición de superficie agraria útil e de solo agrícola.

Tampouco se está a falar de modelos de produción de alimentos nin de soberanía alimentaria, cando a maioría dos GEI relacionados coa produción de alimentos se deben á intensificación, á tecnificación e ao transporte a miles de quilómetros (alimentos para humanos e para a produción animal).

Non se mencionan as emisións producidas por fertilizantes nitroxenados de síntese, tanto na aplicación como na produción.

Outro tema que non toca o borrador é o das diferencias edafoclimáticas para a xestión dos esterco e xurros, entendendo o Estado Español como un único solo e un único clima.

Da limitación e redución dos aportes de nitróxeno e potasio ao solo, nin palabra; como tampouco se teñen en conta as zonas vulnerables á contaminación por nitratos e/ou fosfatos de orixe agrícola. No caso de Galiza, a declaración destas zonas data do ano 2000. Isto é, terán as mesmas limitacións á hora de aplicar nitróxeno a única granxa que queda nun concello calquera da alta montaña, que calquera das mil granxas da zona de maior intensificación gandeira do país.

## ■ O negocio da merda

Como ben di o título, a gandería é o negocio da merda, xa que na xestión deste “residuo” (así se consideran xurros e esterco na normativa europea e, polo tanto, na estatal e na autonómica) está a chave das noces do negocio.

O exceso do nitróxeno das feces dos animais vén do exceso de proteína na alimentación, isto é, dun concentrado caro. A vaca aproveita unha parte do que come en manterse viva e desenvolver os seus procesos vitais; outra parte transfórmaa en leite ou carne; e o resto, cága e méxao. Caga e mexa nitróxeno, fósforo, potasio, calcio, etcétera. Xestionar ben o xurro, almacenándoo de xeito correcto e aplicándoo cando os cultivos o precisan, nas mellores condicións meteorolóxicas, mellorará a eficacia das producións. Axustar ben a alimentación e xestionar ben os xurros e esterco abre dúas vías de aforro: en concentrados e en abonos.

O caso é que o negocio da merda o sexa tamén para os labregos e as labregas, non para a agroindustria. **FIN ■**



**AXUDAS COVID** ▶ Ademais, deixou sen ningún tipo de apoio a sectores que sufriron tamén o impacto da pandemia coma os de ovino, caprino ou o vinícola

## Medio Rural exclúe 10.000 granxas de vacún de carne nas axudas pola Covid

En canto ás axudas do Ministerio de Agricultura, eludiron contemplar a realidade galega e das nosas producións

O Sindicato Labrego Galego é unha das organizacións que participou, o 20 de outubro, na xuntanza telemática do Comité de Seguimento do Plan de Desenvolvemento Rural PDR 2014-2020, representado pola técnica Ana Rodríguez. O tema central desta xuntanza foi a proposta de crear axudas para paliar o impacto da Covid-19, tal e como reclamou a Dirección de Vacún de Carne do SLG nunha concentración de protesta o pasado 25 de setembro, fronte á sede da Consellaría de Medio Rural en Compostela.

Ao final, trala xuntanza do Comité de Seguimento do PDR, Medio Rural non modificou a súa proposta inicial de axudas, que só serían para os sectores de vacún de carne e de flor e planta, e que, finalmente, foron convoca-



A parálise de Medio Rural á hora de crear axudas específicas para os sectores agrogandeiros galegos afectados pola Covid-19 fixo que a Dirección da Carne do SLG se concentrase en sinal de protesta diante da sede da Xunta, o pasado 25 de setembro, e lle entregase un escrito coas súas demandas ao conselleiro, José González, que anunciaba as axudas unha semana despois

das o 30 de outubro. Segundo o regulamento da UE, pagaranse antes do 30 de xuño de 2021.

Ademais, tamén se puxo en marcha unha liña de apoio a préstamos para empresas rurais que,

coma sempre, beneficiará principalmente ás entidades bancarias participantes.

## As alegacións do SLG pedían incluír nas axudas tamén as granxas con menos de 10 vacas nutrices

A proposta de axudas de Medio Rural ao sector de vacún de carne ten pequenas trampas destinadas a deixar fóra a unha gran parte das posibles beneficiarias:

En primeiro lugar, exclúe as granxas con menos de 10 vacas reprodutoras, o que supón excluír 10.284 explotacións das 19.708 que hai en activo.

En segundo lugar, destina un orzamento manifestamente insuficiente de 12 millóns de euros para cubrir as axudas para vacún de carne e flor. Se solicitan a axuda só as granxas de vacún de carne que cumpren os requisitos esixidos, terían dereito a ela 9.427 explotacións que deberían cobrar máis de 16 millóns de euros. Pero, ademais, segundo unha esti-

mación realizada polos servizos técnicos do SLG, sería necesario, como mínimo, un orzamento ao redor dos 25 millóns de euros só para poder cubrir unha axuda que chegase a todas as granxas do sector do vacún de carne.

### ■ Cómpre dar axudas tamén por agricultor/a a título principal

De aí que, dende o Sindicato Labrego Galego, presentásemos varias alegacións no Comité de Seguimento do PDR para que ningunha granxa fiquese excluída. As nosas alegacións foron as seguintes:

✓ Eliminar o requisito de ter 10 vacas reprodutoras como mínimo para acceder á axuda. Deben poder acceder todas as gran-

xas que estean de alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) con orientación a produción de carne ou mixtas.

✓ Incluir na axuda un pago directo para aquelas explotacións compostas por persoas agricultoras a título principal (ATP), e para as cales a gandería é o seu medio de vida fundamental. Este pago sería a maiores do que se está a propoñer no borrador por vaca nutriz e a súa contía non debería ser inferior en ningún caso os 3.000 € / ATP.

✓ Ampliar a partida orzamentaria para financiar esta axuda de maneira que cubra todas as granxas do sector, reforzando os fondos europeos con fondos propios se fose necesario.



# Os sectores de ovino e caprino quedan a velas vir cunhas axudas de Madrid deseñadas para o sur

Tres dos sectores máis afectados pola crise da Covid-19 están a ser os de ovino, caprino e vacún para carne. Aínda que parten de realidades distintas, os tres están a encaixar unha caída de prezos dende o confinamento que se está a facer crónica sen que os poderes públicos con competencias para facelo fagan moito para paliar.

Así, mentres que para carne de vacún se convocaron unhas axudas que exclúen a máis da metade de granxas da Galiza, en ovino e caprino puxéronse en marcha as propostas polo Ministerio de Agricultura pero, tal e como aconteceu cos apoios ao sector do viño (ver páxina 10 do Fouce 330), foron deseñadas para grandes explotacións doutras comunidades e deixaron fóra o 95% das granxas galegas que poderían ter optado a elas.

Dous eran os requisitos esixidos para poder solicitar a axuda para ovino e caprino: o primeiro, que a granxa solicitante tivese como mínimo dez reprodutoras. Aí entraban case 4.000 explotacións galegas. O segundo, que fosen solicitantes das axudas da PAC para o sector, co cal as posibles beneficiadas reducíronse a unhas 200. Co viño aconteceu algo semellante, xa que para estas axudas, concibidas para grandes adegas doutras latitudes do Estado, só houbo 17 solicitudes en toda Galiza.

## ✓ O peche da canle Horeca nas raíces da crise

Este 2020 está a ser un *annus horribilis* para os sectores de ovino e caprino, xa que unha das súas principais canles de comercialización é a hostalería, tanto de anos como de cabritos. O confinamento deuse nun intre no que os prezos, en marzo, estaban a ser superiores aos do ano pasado. Durante o confinamento, practicamente non houbo vendas e as poucas que se fixeron foron a prezos irrisorios por mor da crise. Este impacto foi xenera-



Xosé Ramón Cendán, Brais Álvarez e Serxio Boado foron as persoas encargadas de rexistrar a táboa reivindicativa do SLG en representación da Dirección da Carne

lizado se temos en conta que o confinamento se fixo nunha das épocas con máis partos de cara a fornecer as diversas festividades que comezaban na primavera.

En definitiva, as granxas tiveron que malvender a prezos moi inferiores aos do ano pasado. Tamén houbo explotacións que gardaron os animais até pasar o confinamento, pero acabaron vendendo a prezos baixos de igual maneira porque os anos

saíron pasados de quilos.

Aínda que a carne de vacún non ten unhas vendas tan estacionais como a de ovino e caprino, cuxo consumo está máis asociado á celebración de festividades, tamén leva un ano padecendo unha caída de prezos.

## ✓ A carne de Tenreira Suprema a 4,17 € por quilo

Nunha análise realizada polos servizos técnicos do SLG, consta-

tamos que o prezo medio das liquidacións entre abril e xuño de 2020 foi de 4'17 € por quilo/canle en tenreira de calidade Suprema e de 3'5 € quilo/canle en tenreira normal.

Se ben os datos do mes de marzo non amosan unha baixada moi forte respecto a marzo de 2019, en abril, maio e xuño apréciase un descenso ao redor dos 50 céntimos por quilo en Suprema e outro tanto na normal. A depreciación tórnase brutal no caso da carne de desvelle que, nalgúns casos, chegou a encaixar caídas no prezo do 50%.

Entendemos que o peche e posteriores restricións na canle Horeca (hoteis, restaurantes e cafetarías) influíse na caída da demanda e, polo tanto, no prezo da carne; e que este feito non se viu compensado polo aumento de consumo nos fogares. Porén, temos que denunciar o feito de que a crise fose e estea a ser utilizada por industrias e distribución para impoñer unha baixada xeneralizada dos prezos, aproveitando o abandono de funcións do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural.

## Deben crearse axudas para todas as granxas damnificadas polas restricións da pandemia

Dende o Sindicato Labrego seguimos reclamando unha axuda compensatoria polas perdas provocadas pola crise da Covid-19 á que poidan acceder todas as granxas damnificadas. Para empezar, estas axudas deberían cubrir todo o ano (as convocadas en ovino e caprino só cubrían os meses de marzo e abril), xa que as perdas sufridas polo sector non só se limitaron aos meses do confinamento. De feito, a crise segue a repercutir con prezos á baixa. Por iso, dende o SLG pedimos que as axudas de compensación no sector de ovino e caprino sexan por cada granxa e que, para calcular o importe que lle correspondería a cada unha, se faga unha estimación a partir da diminución nas vendas neste ano en comparación coas vendas realizadas o ano anterior.

En canto ao sector da carne de vacún, máis afectado pola depreciación que pola caída nas vendas, o ideal sería autorizar un pago adicional por bece-

rrro sacrificado vinculado a vaca nutriz que compense a caída dos prezos; ou facer un pagamento directo por vaca nutriz ou por granxa, xa que se estaría a pagar directamente a quen produce os xatos e que incluíse todas as granxas, non só as que teñan máis de dez nais.

A maiores, seguimos pedindo da Consellaría de Medio Rural unha campaña de apoio á comercialización para estes sectores, que impulse o consumo e a recuperación dos prezos.

Máis a longo prazo, dende o SLG seguimos insistindo na necesidade de ordenar a cadea alimentaria para evitar os abusos da industria que é, agora mesmo, a que impón os prezos en detrimento da IXP Tenreira Galega; e de apoiar outras vías de comercialización alternativas, como a venda directa. Neste senso, cómpre denunciar que a Medio Rural aínda non gastou nada dos 4'5 millóns de euros do PDR para esta finalidade.



**LEITE** ▶ Silenzo cómplice do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural coas prácticas mafiosas que están a impoñer unha nova baixada de prezos

## A industria ameaza por burofax granxas que non aceptan a cláusula dos custes

Aos gandeiros e gandeiras que non admiten que o prezo imposto cobre gastos, ameázan@s con deixar de recollerlles o leite

Cando arrincaba o inicio da campaña 2020-2021 no sector lácteo, en primavera, o Sindicato Labrego Galego xa alertou de que as industrias estaban a usar de novo as súas prácticas de extorsión para obrigar a asinar ás granxas contratos con prezos á baixa. Agora, coas recentes reformas na Lei da Cadea Alimentaria, existe a obriga de incluír nos contratos unha cláusula facendo referencia a que o prezo acordado cobre os custes de produción. Esta obriga vén de dar orixe a unha nova práctica coercitiva da industria: obrigar as granxas a falsear esa cláusula para avalar prezos artificialmente baixos, sempre por baixo dos custes de produción.

Actualmente, o prezo do leite segue en caída libre: Dos 32'7 céntimos de decembro aos 32 de setembro como media na Galiza, segundo os últimos datos publicados polo Fondo Español de Garantía Agraria (Fega). A caída prodúcese a pesares de aumentar o consumo de lácteos de pouco valor engadido, coma o leite UHT, que é para onde se destina a maior parte do que se recolle na Galiza.

### ✓ O truco das fórmulas para baixar os prezos

Para poder baixar o prezo do leite sen que existan razóns obxectivas de mercado, as industrias están a darlle cada vez un maior peso a fórmulas variables para formar o prezo final que pagan. Un bo exemplo témolo na principal empresa que recolle leite na Galiza, Lactalis, cuxos prezos en orixe parten dun

Como Ud. es conocedor, el pasado 25 de febrero de 2020 el Consejo de Ministros aprobó el "Real Decreto-ley 5/2020, de 25 de febrero, por el que se adoptan determinadas medidas urgentes en materia de agricultura y alimentación" (En adelante, el "RD"). El RD modificó, entre otros preceptos, el art. 9 de la "Ley 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mejorar el funcionamiento de la cadena alimentaria" relativo a las condiciones contractuales de los contratos alimentarios haciendo necesaria la indicación de manera expresa de que el precio pactado entre las partes cubre el coste de producción. En este sentido y, a fin de cumplir con el RD, en el mes de [REDACTED] 2020 les presentamos una adenda (en adelante, la "Adenda") al Contrato de Suministro que Ud. ha declinado firmar. Al respecto queremos manifestarle que, en base a nuestro conocimiento de los costes de producción en esta Comunidad Autónoma y por la firma generalizada de los ganaderos de la zona, el precio medio anual pagado por [REDACTED] según la fórmula de cálculo fijada en el Contrato de Suministro cubre su coste de producción.

Contrato no que se lle notifica a unha granxa que se nega a asinar que debe facelo porque o prezo calculouse "en base ao noso coñecemento dos custes de produción nesta comunidade autónoma" e "pola sinatura xeneralizada dos gandeiros"

valor de base de 29 céntimos, que contribúe ao 50% do valor final pagado, quedando o outro 50% suxeito a variables arbitrarias e decididas unilateralmente pola empresa; o resultado final é que se está impoñendo unha baixada de 1 céntimo con respecto ao prezo fixado no anterior contrato. A tendencia pode ir a peor porque se están ofrecendo contratos con vixencia até marzo, de maneira que se

terán que renovar ao comezo da seguinte campaña, en abril, cando os prezos baixan por causas estacionais.

O máis grave é que vimos de constatar o enorme grao de presión que está a exercer a industria para impoñer as súas condicións. No SLG sabemos de granxas que se negaron a asinar a cláusula dos custes que lles presentou a industria e, diante desta negativa, e tras ter todo

tipo de presións, acabar recibindo un burofax como ultimato para obrigalas a asinar baixo a ameaza de deixar de recollerlles o leite.

Pero o máis grave non é a ameaza de cesar a recollida, senón que agora engaden, a través do burofax, que calquera sanción administrativa derivada da negativa da granxa a asinar unha cláusula falsa recaerá sobre a propia explotación.

## Denuncias na AICA contra cinco industrias mentres Galiza baixa das 7.000 granxas

Cos últimos datos do Fega na man, Galiza baixou por primeira vez das 7.000 granxas de leite. En setembro, foron 6.857 explotacións as que entregaron leite, case 400 menos que en setembro de 2019, cando o fixeron 7.249. Isto reflicte unha situación insostible para miles de granxas, que seguen indefensas diante da extorsión de industrias amparadas pola pasividade do Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural.

Por todo o que está a acontecer no sector lácteo, dende o SLG instamos a Agricultura e a Medio Rural a exercer as súas competencias. En primeiro lugar, pedimos a convocatoria da mesa do leite. Os axentes do sector deben sentarse a negociar coa arbitraje da administración para garantir a adopción de acordos beneficiosos para todas as partes.

En canto ao Ministerio de Agricultura, debe deixar de mirar para outro lado e facer cumprir a Lei da Cadea Alimentaria para rematar cos abusos da industria. Neste senso, a través da COAG presentouse unha batería de denuncias contra cinco grandes industrias lácteas diante da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA).

COAG denunciou que "nos contratos presentados, obrígase a recoñecer uns prezos por baixo de custes baixo ameaza de non recoller o leite, ao mesmo tempo que se introducen cláusulas que incumpren os prazos máximos de pago. Ademais, hai empresas que comezaron a incluír cláusulas de confidencialidade nos seus contratos para evitar que os gandeiros e gandeiras acudan ás organizacións agrarias para denunciar".



**VENDA DIRECTA** ▶ O Sindicato Labrego interveu para denunciar o peche da feira de produtos do agro de Melide e a expulsión de case todas as labregas en Santiago

## Os concellos volven pechar mercados de venda directa coa escusa da Covid-19

**O gabinete xurídico do SLG prepara unha demanda xudicial contra o goberno melidense por prohibir a feira de maneira arbitraria**

A pesares de que, tralo confinamento e o estado de alarma, paseniño se foi recuperando a normalidade nos mercados de alimentos labregos; coa aparición de novos gromos da Covid-19, dende finais de verán, houbo concellos que volveron prohibir a venda directa de produtos agrarios en feiras sen argumentos científicos ou sanitarios que avalasen a súa decisión. O Sindicato Labrego Galego interveu en dous casos: o de Melide e o da Praza de Abastos de Compostela.

En Melide, cun par de días de antelación á celebración do mercado dominical do 23 de agosto, o Concello publicou un bando no que se informaba a suspensión “*de toda actividade de venda ambulante ata o día 5 de setembro por motivo da situación que se está a xerar polo Covid-19*”. Desta maneira, o consistorio melidense prohibía os mercados de produtos labregos do 23 e do 30 de agosto.

Dende o SLG denunciámos a prohibición dun mercado sen achegar ningún informe sanitario e ningún argumento que demostrase que a feira estaba a ser un foco de contaxio. Cómpre ter en conta que Melide é unha vila que triplica a súa poboación no verán polo turismo e o retorno temporal de persoas emigradas. Ademais, ten unha intensa vida social asociada ao ocio en bares, cafetarías, pubs e discotecas. De feito, un dos colectivos profesionais máis afectado polo coronavirus en Melide foi o hostaleiro, con numerosos establecementos pechados por



O mercado dos domingos en Melide reabriu tras pechar durante dúas semanas e tralas denuncias realizadas polo Sindicato Labrego Galego

casos positivos. Isto demostra que, coa prohibición da venda directa de produtos labregos, o Concello de Melide adoptou unha medida arbitraria e innecesaria, mentres seguía autorizando a actividade hostaleira con aglomeracións e establece-

mentos e terrazas. Ao contrario da época do estado de alarma, nesta ocasión fíxoo nunha das épocas de maior produción de horta e froita, causando un grave e irreparable prexuízo económico a todas as familias afectadas.

Dende o SLG lembrámoslle ao Concello de Melide a existencia dun protocolo oficial da Consellaría de Medio Rural para a celebración de mercados ao aire libre con totais garantías para evitar os contaxios que xa se aprobou para ser usado en plena fase de confinamento. Aínda que tentamos razoar cos responsábeis municipais para conseguir unha saída negociada a esta situación, lonxe de recuar o goberno municipal decretou unha prórroga da prohibición máis alá do 5 de setembro, polo que dende o SLG decidimos presentar unha denuncia por vía xudicial contra o consistorio melidense de cara a determinar os danos e prexuízos causados aos labregos e labregas que venden no mercado dos domingos e as eventuais indemnizacións a realizar para compensarlles as perdas económicas ocasionadas.

Finalmente, o Concello de Melide ergueu a prohibición e permitiu a celebración do mercado a partir do 13 de setembro. Pero, para entón, o mal xa estaba feito.

## O Concello de Santiago expulsou labregas da Praza de Abastos pero acabou recuando

Os labregos e labregas que venden en postos ambulantes no entorno da Praza de Abastos de Compostela levaron unha desagradable sorpresa o 5 de setembro: a xerencia do mercado notificáballes que non todos podían volver instalarse á nova orde por mor da nova normativa municipal para loitar contra a pandemia. Dos 22 que vendían habitualmente, só podían instalarse sete.

Nesta ocasión, o SLG xunto coa Fruga, rexeitamos este proceder por idénticos motivos á campaña realizada en Melide, lembrando que a venda ao aire libre é máis segura no actual contexto de pandemia que a realizada en ambientes pechados. Dende o SLG e Fruga instamos á xerencia da

Praza de Abastos de Compostela e ao Concello de Santiago a desenvolver os protocolos necesarios para que os labregos e labregas que venden directamente as súas producións nesta área comercial puidesen volver facelo con totais garantías e sen excluír ningún.

Grazas á campaña de SLG e Fruga, finalmente, o Concello de Santiago rectificou e buscou un novo emprazamento no entorno na Praza de Abastos para montar a totalidade dos postos de labregos e labregas mantendo as distancias obrigatorias pola Covid. O novo emprazamento está en San Fiz, xunto ao cruceiro, un lugar vencellado á venda labrega tradicionalmente. **SEGUE ▶**



# Aproveitan o confinamento para

De cara a avaliar como están a reaccionar os concellos galegos diante da pandemia do Covid-19, Fouce fixo un percorrido por diversos mercados de Galiza que, sen dar unha análise exhaustiva, si nos ofrece unha visión xeral con aspectos positivos e negativos. A reacción diante dos peches foi, decotío, apostar pola venda de cestas de alimentos a domicilio, que se incrementou, coa chegada de nova clientela e o reforzo da fidelidade da xa existente. No eido institucional, houbo concellos que aproveitaron o confinamento para pechar mercados nos que non crían, mentres outros fixeron todo o posible para mantelos abertos, destacando o de Allariz que, a través da negociación política, foi o único municipio galego quen de manter o seu Mercado da Reserva da Biosfera aberto durante o estado de alarma e o confinamento.

Na zona de Pontevedra, **Belén Fervenza**, responsábel do sector de Horta, Froita e Flor do SLG, relatounos como o Mercado do Toxo, en Gondomar, de periodicidade quincenal e que estaba a perder forza nos últimos tempos, foi clausurado definitivamente aproveitando o confinamento.

No 4 Ponlas, na cidade de Pontevedra, tamén houbo serios problemas para reabrilo tralo estado de alarma. Antes do confinamento, celebrábase na Praza de Abastos e xunto ao Hospital Provincial, facéndose venda directa de todo tipo de produtos por parte de oito proxectos agroecolóxicos. Á volta do confinamento, a súa reapertura demorouse máis ca noutros concellos.

Aínda que a nova concelleira responsábel, Gloria Blanco (PSOE; no anterior mandato, era unha área xestionada polo BNG), non quería volver reabrilo porque seica se trataba de producións non regularizadas; ao final, e tras moitas negociacións, accedeu a reabrilo en xuño, pero só na Praza de Abastos; unicamente para vender produto fresco, pero non transformados; e baixo responsabilidade da alcaldía. Así, ás perdas causadas polo confinamento, uníronse as de renunciar a unha parte importante da clientela e non poder vender produtos como pan e conservas.

Belén quéixase de que están a sentir “moita inestabilidade e a sensación de que a nova concelle-



O mercado da Praza de Abastos de San Agustín foi un dos clausurados despois do confinamento. En primeiro plano, Dolores Porto, unha das labregas afectadas

ría non ten interese neste mercado nin na nosa actividade profesional”. Contra esa actitude,

“temos que loitar por este tipo de espazos, polo que imos seguir coas negociacións”.

Na cidade da Coruña e no seu entorno, o estado de alarma serviulle ao consistorio coruñés para botar os labregos e labregas da Praza de Abastos de San Agustín, onde se mantiña aberto un mercado de venda directa de produtos labregos e ecolóxicos semanalmente. Neste caso, como en Pontevedra, tamén houbo un cambio de cores políticas na xestión municipal, co Concello gobernado polo PSOE na actualidade.

**Dolores Porto**, de Granxas de Lousada, foi unha das labregas damnificadas. Conta que, tralo confinamento, “non se nos volveu permitir acudir coa excusa de que non había maneira de regularizar a nosa presenza”. Aínda que están insistindo en volver, o concello non cede. Pretende que os labregos e labregas fagan unha licitación para adquirir un posto na praza, pero iso implicaría ter que abrir todos os días para vender, algo imposible para produtores e produtoras de alimentos.

Sen saírmos da cidade herculina, Dolores tamén vende no mercado do Campo da Leña.

## Expulsan os labregos e as labregas da Praza de Abastos de San Agustín

Este mercado está xestionado por unha empresa privada, e reabriuse tralo estado de alarma cos protocolos sanitarios obrigatórios. Neste caso, o concello coruñés si permitiu unha prórroga da concesión, que expiraba nesta época, para compensar os días de peche durante o confinamento.

O principal punto de venda para Dolores Porto é o mercado de Betanzos, que se celebra martes, xoves e sábado, agás cando coincide coa feira grande. A actitude das autoridades municipais aquí foi totalmente distinta á da Coruña: Tan só se pechou dous días coincidindo cun gromo de coronavirus na vila betanceira. As únicas prohibicións que se impuxeron foron as de restrinxir o acceso a vendedores e vendedoras xubilad@s por non ser

profesionais e por ter unha idade de alto risco en caso de contraer a enfermidade.

Dolores foi unha das labregas que potenciaron a venda directa a domicilio con cestas de produtos para compensar o peche de mercados. Di que, ao vela repartir, moita

xente lle paraba pola rúa para saber como podía mercarlle. Así, fixo novos clientes durante o confinamento, que aínda conserva.

Algo semellante aconteceulle a **Mauro Álvarez**, labrego de Carral que tiña posto no mercado de San Agustín no pasado e que, até hai pouco, fornecía tendas da bisbarra coruñesa. Durante o confinamento, algunhas tendas nas que vendía pecharon, e deixou de distribuír, centrándose no reparto de cestas. No seu caso, tamén aumentou moita clientela “xa que moitas familias vían con receo entrar nos supermercados a facer a compra, polo maior risco de contaxio”. A día de hoxe, Mauro ten como única vía de comercialización o reparto de cestas directamente na explotación, aforrando traballo, tempo e cartos.



# clausurar mercados labregos

No mercado das Pontes, segundo nos informou **Cynthia Arias**, labrega que vende nel, só se reabriu tralo confinamento cando a Consellaría de Medio Rural permitiu facelo, tras nove semanas de parón. Neste caso, como cos novos protocolos sanitarios os produtores e produtoras non collían na praza de abastos, o concello montou unha carpa xunto ao centro escolar, onde volveron abrir cada sábado, con Protección Civil controlando a afluencia. Ao contrario doutras vilas, n'As Pontes o concello si fixo seguimento e dialogou cos labregos e labregas nunha xuntanza na que se decidiu *"ir unha parte dos produtores ao antigo mercado outra vez e, o resto, continuar fóra para respectar as distancias. Ao comezo houbo menos xente, pero agora vai volvendo todo á normalidade"*.

Pola banda de Lugo, puntos como o Mercado da Terra, na praza de abastos lucense, ou o mercado dos domingos en Ribadeo, tamén pecharon durante o confinamento *"sen que houbera ningún xesto de resistencia dos concellos competentes para mantelos abertos"*, coméntanos **Dora Cabaleiro**, de Ribeiregas (Negueira de Muñiz). Mesmo, á hora de reabrilos, en Lugo tardáronse tres semanas dende a autorización de Medio Rural en reiniciar a actividade no Mercado da Terra.

Neste caso, os mercados están a funcionar con relativa normalidade. Así e todo, as Ribeiregas viron moi resentidas as súas vendas, xa que un cliente importante tiñano na hostalaría que, a pesares de reabrir, fíxoo con afluencias limitadas e mercando menos, e os pedidos de grupos de consumo baixaron, polo que tamén elas buscaron a alternativa de vender cestas de produtos frescos a domicilio. Conseguírono grazas a unha plataforma internacional de xestión deste tipo de vendas: Open Food Network. *"Gustounos porque era software libre e un traballo colectivo que ten como obxectivo facer*

*rede. Ao comezo, pediamos un compromiso de compra, pero iso custa, a xente non está afeita. Van flutuando os pedidos, pero ímonos mantendo grazas á venda de cestas"*.

Imaxe de arquivo na que Bernardo Varela, concelleiro de medio Ambiente de Allariz, explica no marco do III Foro Labrego de Agroecoloxía, celebrado en 2018 na vila alaricana, a historia e o funcionamento do Mercado da Reserva da Biosfera



## Allariz: unha excepción que demostra que, con vontade política, si se pode

O Concello de Allariz foi o único en toda Galiza que mantivo aberto o seu Mercado da Reserva da Biosfera durante o estado de alarma. Se, en teoría, os mercados de proximidade non podían abrir, por que o fixo Allariz? Por pura vontade política do equipo de goberno municipal.

*"Dende o primeiro momento entendemos que manter os nosos mercados abertos, o da Biosfera e a feira semanal, era facilitar o acceso a produtos de primeira necesidade"*, explicou **Bernardo Varela**, tenente de alcalde e concelleiro de Medio Ambiente. *"No da Biosfera, estamos a falar de produtos de producións locais (quilómetro cero) en venda directa. O único que fixemos foi adoptar todos os protocolos sanitarios dende un principio: manter distancias, desinfección de pés e mans nas entradas, elementos de separación para que a xente non puidese tocar os produtos. Nas semanas máis complicadas do confinamento, tivemos persoal de Protección Civil regulando o acceso cun dispensador de números para evitar aglomeracións"*.

Pero, como fixeron para evitar o peche, como si aconteceu noutros municipios? Bernardo relata que *"cando se decretou o estado de alarma, nós dirixímonos directamente á Xunta para explicarlles o noso caso e as características do mercado, apostando por el por ser máis seguro que a compra de alimentos en calquera supermercado. No Mercado da Biosfera, o único que manipula o produto antes do cliente final é o propio produtor. Ninguén máis. Polo tanto, non viamos riscos. O único altercado que tivemos foi o venres santo, cando a Garda Civil nos comunicou a desconfianza da Subdelegación do Goberno en Ourense, que non o vía viable naquelas*

*condicións. Pero falamos co secretario da Subdelegación, trasladámoslle todas as medidas de precaución que estabamos a tomar, e concordamos en que non era necesario aplicarlle outras restricións a maiores"*.

Un dos proxectos beneficiados por estas políticas locais foi **Mimá**, no que traballan María Xosé e Miguel. No seu caso, o confinamento cadrou cunha época do ano de baixa produción na que non lle venden ás cinco tendas que teñen entre a súa clientela, polo que puideron seguir comercializando sen problema no Mercado da Biosfera, que é o seu principal punto de venda. Si notaron o estado de alarma en que pecharon o comedor escolar e o restaurante aos que fornecían, pero grazas ao mercado puideron seguir traballando sen encaixar un gran impacto negativo.

Esta desigualdade no trato e na aplicación das normas, dependendo do partido ou do goberno municipal que che cadre, indigna a **Belén Ferrenza**: *"Sinto que, como sociedade e a nivel político, non hai interese en promover espazos para comercializar directamente produtos da terra. Creo que nos consideran marxinais e prescindibles. Por suposto, hai concellos que si apoian activamente a comercialización directa, como Allariz, pero son excepcións. En xeral, o desinterese é total, e coas medidas contra a Covid moitos concellos aproveitaron para dar un paso de xigante de cara a obstaculizar e mesmo suprimir este tipo de mercados. Sendo como somos espazos máis seguros para vender nunha situación de pandemia, foi absurdo ver como fomos os primeiros en ser pechados e os últimos en poder abrir"*.



**DESENVOLVEMENTO RURAL** ▶ Diversas partidas do Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 seguen sen executar tras cinco anos de xestión dos fondos pola Xunta

## Perigan máis de 40 millóns para apoiar a venda directa ou a formación agraria

**Outras medidas afectadas pola desidia de Medio Rural teñen que ver coa loita contra o cambio climático ou a xestión forestal**

O SLG rexistrou un documento para preguntarlle a Medio Rural acerca de varias cuestións e deficiencias detectadas no informe anual de execución do Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 (PDR) correspondente ao ano 2019.

Principalmente, detectamos unha serie de medidas fundamentais para o desenvolvemento rural que, despois dun lustro, seguen case sen executar. Estamos a falar de políticas esenciais para o agro como formación, intercambio de coñecementos, asesoramento, mercados de venda directa ou loita contra o cambio climático que, en conxunto, suman preto de 40 millóns de euros que se poderían perder se non se xestionan debidamente. Vexámolo polo miúdo:



### Risco de perder 10 millóns para transferencia de coñecementos e actividades formativas

Na medida 1 (Transferencia de coñecementos e actividades de formación) parece difícil que se poida gastar todo o orzamentado. Dos 11.360.000 € apenas se gastaron 2 millóns dende 2014, o 15'76% do total. En 2019, tan só se xestionaron 219.000 € en "Formación profesional e adquisición de

competencias" (submedida 1.1), pero nada en actividades de información e demostración ou en intercambios e vistas formativas (submedidas 1.2 e 1.3).

Sen formación e información, o sector primario está morto. Dende o SLG, queremos saber por que esta medida non se implantou e que cuestións fallaron. Hai tres anos falárase dos "erasmus agrarios", pero descoñecemos os resultados ou se o financiamento se fixo con cargo a esta medida ou non.

### Máis de 15 millóns por gastar en asesoramento, xestión e substitucións nas granxas

Na medida 2 (Servizos de asesoramento, xestión e substitución das explotacións agrícolas), dotada con 16.680.000 €, tamén parece difícil que se vaian gastar os fondos, xa que deixaron de facerse convocatorias ao respecto e, até agora, só se gastaron 943.822 €, o que supón o 3,1%. Non é posible que non

haxa demanda de asesoramento. No SLG seguimos apostando por un asesoramento público, pero nestes momentos, coas oficinas agrarias comarcais desmanteladas, quen asesoran as granxas son os mesmos comerciais das empresas que lles venden insumos, co cal a imparcialidade non existe. Coa enorme complexidade que supón xestionar hoxe en día unha explotación resulta moi preocupante que neste período 2014-2020 se invetise tan pouco en formación e asesoramento.



### 12 millóns pendentes de gastar en apoio aos mercados locais, clima e plans de xestión forestal

Outra cuestión que tamén habería que coñecer con máis profundidade é o fracaso da medida 16.4, referida a canles curtas de distribución e mercados locais, sobre todo cando parece que unha parte importante da sociedade está demandando este tipo de co-

mercialización para realizar as compras de alimentos, suplindo o baleiro deixado pola Xunta con iniciativas persoais e a creación de grupos de consumo.

Neste caso, hai 4.520.000 € dos que non se gastou nin o primeiro céntimo. O mesmo aconteceu na medida 16.5 (cambio climático e proxectos medioambientais, con 4,5 millóns) e 16.6 (plans de xestión forestal, con 2,2 millóns).



## Pouca transparencia nos fondos PDR destinados a prevención de lumes

No escrito presentado, dende o SLG interpelamos a Medio Rural para coñecer que parte dos 30,5 millóns de euros que se destinaron durante o ano 2020 ao plan de prevención contra incendios forestais están financiados con fondos deste PDR e en que tipo de accións se gastaron. O certo é que, un ano máis, a política de prevención de incendios na Galiza está a resultar desastrosa, polo que vemos necesario fiscalizar en que medidas concretas se están a investir eses cartos e cantos recursos se lle están a detraer ao Plan de Desenvolvemento Rural a través da submedida 8.3 (Prevención de incendios forestais e desastres naturais), dotada con 160 millóns de euros, da que se gastaron 22 millóns en 2019, e da que xa se levan gastados máis de 90 millóns dende 2014 con escasos resultados se a finalidade última destes investimentos é realmente a prevención de lumes forestais.

### ✓ Máis de 500 millóns aínda dispoñibles

Vendo os distintos cadros do informe anual de execución do PDR 2014-2020, sabemos que os fondos dispoñibles a 31 de decembro de 2019 ascenden a 536.034.735 € de Gasto Público Total (GPT). Informan tamén de que o orzamento para o ano 2020 é de 311.440.352 € de GPT. Non obstante, descoñecemos os fondos comprometidos en medidas plurianuais, por exemplo. Polo tanto, para ter unha idea un pouco máis precisa dos fondos que restan por comprometer, dende o SLG solicitamos coñecer os seguintes datos:

#### 1) Que fondos se prevé que queden dispoñibles (sen comprometer) a 31 de decembro de 2020?

E, considerando as convocatorias deste exercicio e as previsións das que se van facer no que resta de ano, en que medidas van quedar dispoñibles eses fondos?

#### 2) Hai fondos suficientes para cubrir axudas temporais excepcionais, no marco do Feader, en resposta á pandemia do Covid-19? En caso afirmativo, de que medidas se van sacar os fondos? Este proceso vai pasar pola Comisión de Seguimento do PDR?

#### 3) Todas as convocatorias do ano 2020 teñen fondos suficientes? Para as persoas que representa o Sindicato Labrego Galego son básicas as seguintes liñas de axuda, cuxa continuidade, dinamización e orzamento suficiente consideramos imprescindibles para a fin última do PDR, que é o desenvolvemento rural da Galiza:

- ▶ 4.1 Mellora do rendemento global das explotacións.
- ▶ 6.1 Instalación agricultores/as moz@s.
- ▶ 6.3 Axudas a pequenas explotacións.
- ▶ 10.1 Medidas agroambientais.
- ▶ 11.1 Conversión á agricultura ecolóxica.
- ▶ 11.2 Mantemento en agricultura ecolóxica.
- ▶ 13.1 Axudas a zonas desfavorecidas de montaña.
- ▶ 13.2 Axudas a zonas con limitacións naturais.



**COMPETENCIAS** ▶ A Consellaría xa ten cedido outras áreas de xestión como o control de superficies para as axudas da PAC

## Segue o desmantelamento de Medio Rural coa cesión do Roma

**As persoas usuarias do Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola denuncian que lles están a facer as xestións o persoal da empresa pública estatal Tragsa**

Xa hai tempo que dende o SLG estamos a denunciar o desmantelamento dos servizos públicos para asistir a profesión labrega, de competencia autonómica, derivándoos cara á empresa pública estatal Tragsa, cuxo accionariado é, ao 99'8%, da Sociedade Estatal de Investimentos Industriais (Sepi) e da propia administración do Estado.

Así, as oficinas agrarias comarcais e, por extensión, a Consellaría de Medio Rural, son as que están a sufrir o desmantelamento, tanto en medios físicos como humanos, e perdendo a súa capacidade para xestionar servizos que son de competencia autonómica, como o control de superficies para as axudas da Política Agraria Común (PAC) ou o saneamento gandeiro, en favor da administración do Estado.

Isto vén de vello. A novidade é que, dende hai uns meses, no SLG constatamos que outro dos servizos que se están derivando dende a administra-

ción galega cara a Tragsa é a xestión do Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (Roma). De feito, estanse a recibir chamadas de traballadores que se identifican como de Tragsa solicitando documentación relacionada co Roma que debería pedir directamente a Xunta.

Aparte de evidenciar unha nova perda de competencias da Consellaría de Medio Rural e das oficinas agrarias comarcais en favor da empresa Tragsa, dende o SLG vemos unha posible infracción da Lei de Protección de Datos (as persoas rexistradas no Roma non asinaron ningunha cesión dos seus datos persoais a favor de Tragsa). Todo estase a facer dende un evidente escurantismo, pois descoñecemos quen ordenou o traspaso da xestión do Roma da Consellaría de Medio Rural a Tragsa e en que condicións se fixo o mesmo.

Dende o SLG volvemos denunciar o desmantelamento da rede de oficinas agrarias comarcais que, se contasen co suficiente apoio institucional, poderían encargarse de xestións como o control de superficies da PAC ou, agora, o Roma, cun maior achegamento xeográfico e persoal ás persoas usuarias e, polo tanto, con maior eficacia.



**LUMES FORESTAIS** ▶ No mes de setembro arderon ao redor de 10.000 hectáreas nunha soa semana, ás que habería que sumar as 4.200 queimadas ao longo do verán

## A política contra incendios da Xunta remata en desastre unha campaña máis

O SLG e Amigos da Terra solicitamos a convocatoria do Consello Forestal de Galicia para acordar unha alternativa ao Pladiga

Un ano máis, a ferramenta máis efectiva na loita contra os lumes na Galiza foi a choiva. Chegou xusto en setembro, cando estaba a arder de novo Galiza polos catro costados facendo evidente o fracaso das políticas contra os lumes e a inexistencia dos escasos traballos de prevención que nin sequera se executan.

Os datos oficiais da Consellería de Medio Rural recoñecen que arderon nunha soa semana, en setembro e na provincia de Ourense, unhas 8.800 hectáreas, 2.000 ha. máis que en 2019 en todo o territorio galego. Expertos aseguran que as hectáreas ardidas nesa semana superan as 10.000. Durante o verán, xa arderan na Galiza 4.200 hectáreas, 3.800 en Ourense.

Diante deste novo desastre, dende Amigos da Terra e o Sindicato Labrego Galego, como membros do Consello Forestal de Galicia (CFG), pedimos a súa convocatoria urxente para abordar esta situación crítica. Coma sempre neste ámbito, o presidente do CFG, o conselleiro José González, fixo caso omiso á petición, tentando centrar a atención unicamente na actividade pirómana.

Amigos da Terra e SLG, xunto con outras organizacións, levamos anos denunciando que o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) actual non serve, como tampouco vale o procedemento para o seu trámite a través dos consellos consultivos, aos que chega sempre como un documento pechado sen posibilidade de facer achegas ou modificacións.



### Unha listaxe de peticións urxentes para mudar unha planificación desastrosa

Na xuntanza do Consello Forestal de Galicia que solicitamos, tiñamos intención de tratar as principais eivas do Pladiga. En concreto, solicitamos tratar especificamente as seguintes propostas:

1. Cobertura inmediata de tódalas vacantes existentes e reforzo do operativo nas zonas máis sensibles pola alta actividade incendiaria (bombeiros forestais integrantes das brigadas, vixiantes de incendios, autobombistas, axentes forestais / ambientais, condutores/as).
2. Nas zonas de alto risco de incendio e nas parroquias de alta actividade incendiaria é preciso deseñar un plan de choque para saber as causas, motivacións e as solucións por ser os incendios, en moitos casos, recorrentes nas últimas décadas. Incendios que afectan moi negativamente á propia viabilidade socioeconómica destas zonas.
3. Achegar o Pladiga 2020 a tódalas persoas integrantes do mesmo (institucións e persoal que ten que cumprir con este plan de loita contra incendios forestais) e dalo a coñecer para a súa correcta aplicación. Desta maneira mellorarase a eficacia facendo máis efectivo o cumprimento deste protocolo de actuación.
4. Dar a coñecer o Plan de Prevención de Riscos Laborais elaborado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, posta en marcha do Plan de Ac-

ción, formar a todo o persoal que está integrado no PLADIGA e dotar a todo o persoal dos medios que aparecen recollidos no Plan de Acción para unha axeitada prevención de riscos laborais.

5. Unificar criterios na xestión do persoal propio da Consellería do Medio Rural: organización do traballo, horarios, vacacións, reunións de coordinación, estrutura e funcionamento dos 19 distritos forestais de Galicia.

6. Facer un seguimento dos horarios, vacacións, asuntos propios e organización dos distritos, distribución dos medios materiais e técnicos, organigrama e funcionamento para evitar os agravios existentes.

7. Elaboración de protocolo de actuación para a evacuación, rescate e cura de animais domésticos e silvestres no caso de ser afectados por incendios forestais en Galicia.

8. Revisar a política forestal do país, facendo fincapé nas limitacións ás superficies continuas de monocultivos, na recuperación de masas autóctonas, no fomento da actividade gandeira e na recuperación de superficie agraria útil.

9. Aplicación estrita dos protocolos COVID-19 co fin de protexer ao conxunto dos traballadores e traballadoras públicos dos Servizos Forestais da Xunta de Galicia e ao conxunto da sociedade.



# Unha extinción na que se queiman máis euros que hectáreas cunha prevención inexistente

No escrito presentado para solicitar a convocatoria do Consello Forestal, detallamos unha longa lista de eivas dun Pladiga que se segue impoñendo unilateralmente dende a Xunta. Máis alá das causas obxectivas dos lumes, tamén cómpre subliñar as políticas de desmantelamento que está a sufrir o medio rural, favorecéndose o abandono da actividade agraria, fundamental para a xestión do territorio, consentíndose o monocultivo masivo de especies forestais pirófilas como o eucalipto, incidindo nun despoboamento que deixa amplas zonas do noso país inzadas de materia combustible sen xente que apoie a loita contra o lume.

Vexamos en detalle algunhas das principais eivas do Pladiga:

**1.** A teima en demarcar unha “**época de máximo risco de incendios**”, cando a crise climática global debe obrigarnos a que o operativo de prevención e extinción se poida expandir ou contraer en función das necesidades reais que se produzan en cada época.  
**2.** Nos últimos anos, con máximo risco, hai unha **falla de vixilancia as 24 horas do día** en xornadas de perigo extremo. Así, hai incendios que cando se sabe deles xa teñen unhas dimensións considerables. Isto agravouse nos últimos tempos co peche de torres de vixilancia, substituídas por cámaras, máis ineficaces. Como exemplo, nos incendios de Monterrei, o 24 de xullo (xornada con grandes incendios e risco extremo) non había en todo o Distrito XIV Verín-Viana unha soa caseta operativa de noite.

**3. Non se cobren tódalas baixas do persoal de prevención e extinción.** Moitas brigadas só entran con dous ou tres compoñentes ou incluso un só, cando a media debe de ser de cinco brigadistas ou bombeiros como mínimo por brigada. Na noite do 26 de xullo, por exemplo, no Distrito Forestal XII Miño-Arnoia, en situación de risco extremo, en



parte da noite había operativa unha soa brigada integrada por tres compoñentes para atender máis de 112.000 hectáreas.

**4. O convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)** non garante unhas condicións salariais axeitadas, nin o equipamento material e formación necesarios.

**5. Vehículos autobombas,** imprescindibles para a extinción de incendios, **non se cobren as 24 horas** do día.

**7. Infrautilización de medios e recursos** con que conta Galiza (concellos, deputacións, mancomunidades, consellarías...). Temos constancia de medios gardados nos garaxes ao non estar integrados no operativo de prevención e extinción do Pladiga. A falla dun mapa de recursos fai

que se produzan desprazamentos a máis de 100 quilómetros mentres, a carón de onde se produce o incendio, a 5-15 minutos, hai autobombas ou maquinaria parada.

**8. Non é certo que haxa 7.000 persoas no operativo de extinción de incendios forestais** de Galiza, pois moitas das persoas que din estar operativas, en realidade non están a disposición, son prazas vacantes ou baixas sen cubrir.

**9. Descoordinación:** Os 19 distritos forestais en Galiza funcionan cada un á súa maneira, sen protocolos claros e sen unificación de criterios.

**10. Os traballos de prevención** de incendios (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, rozas, faixas de

xestión de biomasa...), non se fan ao seu debido tempo. Na época de máximo risco, a maioría dos traballos de prevención de 2020 estaban sen realizar ou facéndose ás presas e ao chou.

**11. O convenio de colaboración coas forzas armadas do Estado** Español para a prevención de incendios forestais nin cumpriu nin cumpre cos seus obxectivos. Preto de 600.000 euros que poderían destinarse a cofinanciar programas agroambientais ou a xestionar a biomasa nas faixas de prevención ao longo de 2.400 quilómetros de camiños forestais e estradas. Nos últimos anos, puideron gastarse uns 5 millóns de euros na Unidade Militar de Emerxencias (UME).

**12.** Nos incendios forestais prodúcese a **morte de centos de miles de animais**, tanto domésticos como silvestres, pero no Pladiga non hai unha soa liña dedicada á protección e rescate de animais en caso de incendio.

**13. Investigación de causas.** Para realizar unha boa prevención é preciso realizar unha investigación profesional, específica e axeitada. Dada a alta intencionalidade en determinados territorios de Galiza, dado que os lumes se producen decotío nos mesmos lugares, e dada ademostada ineficacia na investigación, ou cambiamos a maneira de proceder ou seguimos incorrendo nos mesmos erros.

**14.** A política forestal deseñada nas últimas décadas supón un menosprezo da actividade labrega e dos ecosistemas forestais autóctonos. Destruíuse por completo a “paisaxe de mosaico” típica do territorio galego, fomentando unicamente monocultivos de especies de crecemento rápido, mentres se relegaban as masas autóctonas a meros reducidos e se expulsaba a gandería dos montes. Isto supón un prexuízo importante para as economías locais e afonda no problema do despoboamento rural.

## A sociedade civil esixiu a dimisión do director xeral de Montes

Ao pouco da solicitude de Amigos da Terra e SLG, dende unha plataforma de organizacións sindicais, agrarias, ecoloxistas e sociais, entre as que tamén estaba a nosa organización agraria, pedimos a dimisión inmediata do director xeral de Montes, Tomás Fernández-Couto, por non dispoñer as medidas de prevención e vixilancia necesarias para evitar a catástrofe incendiaria en Ourense.

Foron unhas declaracións de Tomás Fernández-Couto na TVG as que dispararon a indignación, xa que diante das cámaras recoñeceu que “*xa se prevía unha forte actividade incendiaria*” na segunda semana de setembro e, nomeadamente, no Macizo Central Ourense. Nun comunicado, criticamos que “*diante destas palabras, non podemos entender como a Xunta non reforzou o equipo humano e material de extinción, nin tomou especiais medidas de prevención e vixilancia nestas áreas de extraordinario valor ambiental para evitar que estes lumes se chegasen a producir*”.



**VIÑO** ▶ Trala parálise provocada polo confinamento nas vendas á canle Horeca, as transaccións volveron pero en menor cantidade, afectando a adegas e distribuidoras

## A campaña vinícola do Covid-19: O peor pode estar por vir nalgunhas DOs

Agora mesmo, moitos distribuidores e restaurantes tiran de stock propio en vez de mercar o viño da campaña pasada

A campaña no sector vitivinícola galego no período que vai de agosto de 2019 a xullo de 2020, así como a recente vendima, veu precedida do lastre de estarmos inmersas na pandemia do Covid que, entre outras cousas, trouxo canda si un estado de alarma, un período de confinamento e unha crise que está lonxe de rematar no chamado sector Horeca (hoteles, restaurantes e cafetarías), que é unha das principais vías de comercialización para moitas adegas.

Aínda que se temía o afundimento das vendas e, aparelhada, a caída dos prezos nesta vendima, o impacto da pandemia foi desigual e, nalgunhas denominacións de orixe como Rías Baixas ou Ribeira Sacra, non só non tiveron problemas de comercialización, senón que melloraron con respecto ao ano pasado.

As adegas que máis están sufrindo, neste aspecto, son aquelas cuxas vendas dependen en grande medida da canle Horeca. Confirmouno Diego Collarte, de Cume do Avia (Ribeiro): “Durante o estado de alarma, deixamos de vender o 90% con respecto ao ano pasado. É certo que, no noso caso, o viño que producimos vai dirixido, fundamentalmente, a restauración e algo a tendas especializadas. Tamén exportamos. Os pedidos non se anulaban, pero atrasáronse, e cando comezamos a mover de novo o viño, foi con pedidos máis pequenos. Mantemos a inmensa maioría dos clientes, pero están mercando menos viño”.

Se isto xa é problemático de por si, para Diego o peor está por vir, xa que “están pechando res-



A Covid-19 condicionou completamente a vendima deste ano e, probablemente, a súa posterior comercialización en 2021.

taurantes e, entre os que quedan, hainos que teñen un grande stock de viños e están empezando a moverlo en vez de comprar. E os distribuidores están facendo o mes-

mo. Esta posta en circulación dos stocks dos restaurantes e da distribución, unido á caída de consumo, está tendo un grande impacto en todos os elos da cadea

comercial. Aínda que a restauración estea vendendo viño, pode que non sexa viño mercado este ano, senón do ano pasado e doutros anteriores”.

## O sector do viño tamén precisa axudas directas ou moitas adegas terán que pechar

Nesta visión negativa abonda **Bernardo Estévez**, responsábel do Sector do Viño do SLG e pequeno adegueiro en Arnoia, que confirma que no Ribeiro “a campaña de primavera perdeuse case na súa totalidade e, aínda que comezamos a remontar no verán tralo confinamento, agora cos rebrotes as vendas están a afundirse de novo. As previsións para a mellor época do ano en comercialización de viño, que é o Nadal, son moi malas”.

Para Bernardo “a lóxica dinos que para o sector do viño isto vai ser un longo túnel no que, de momento, non se ve o final. É moi posible que ese final do túnel sexa moi estreito, co cal poucos van caber pola saída e, como noutros ámbitos económicos, moitos quedaremos polo camiño”.

Diante desta situación, para **Diego Collarte** “van crebar distribuidores e, con eles, crebarán as adegas que dependen deles para vender o viño. E este é un problema que non se soluciona só con créditos. A Xunta debe impulsar axudas directas por mor da crise, non só ao sector do viño, senón a outros como o da carne. Fálase moito de apoiar o turismo e de apoiar a restauración, pero os sectores que garantimos o subministro de produtos á restauración está-molo a pasar tamén moi mal e a situación pódese tornar dramática. No caso do viño, moitas adegas temos como única vía de comercialización os restaurantes e imos pasar serias dificultades, de maneira que proxectos que estaban a funcionar terán que pechar se non se fai nada por evitalo”.



# Vendima: Os prezos da uva mantivéronse ou melloraron en todas as DOs agás Valdeorras

Levabamos meses teméndonos o peor para esta vendima en cuestión de prezos. A caída de vendas na canle Horeca facía presaxiar almacéns cheos de viño sen vender e afundimento dos prezos da uva por falta de demanda. Porén, tal e como vimos, algunhas zonas melloraron as súas vendas, como Ribeira Sacra ou Rías Baixas; mentres que outras lograron manterse estables a pesares dos problemas de comercialización. Só en Valdeorras esta problemática acabou traducíndose nun descenso nos prezos da uva.

## ■ RIBEIRA SACRA

Na Ribeira Sacra apañáronse nesta vendima 5,2 millóns de quilos de uva, a maior parte (case 4,3 millóns de quilos) Mencía, uns rexistros afastados da colleita récord no ano pasado, cando se chegou aos 7 millóns de quilos. No Consello Regulador consideran que a produción caeu un 15% con respecto a un ano normal debido a problemas sanitarios polo exceso de choivas.

Esta foi unha das DOs que mellorou os números de vendas, pasando dos 36.162 hectolitros vendidos en 2018-19 a 38.759 en 2019-20. De aí que as estimacións iniciais apuntasen a unha estabilidade nos prezos, con valores entre 1,10 e 1,30 € na Mencía dependendo das calidades.

Así nolo confirmou **David Álvarez**, viticultor de Pantón que traballa viñedos en Espasantes, Cangas e Acedre. A el pagáronlle a Mencía a 1,20 € e a Garnacha a 80 céntimos, “uns prezos decentes dadas as circunstancias”. Os problemas virían dados polas incidencias climatolóxicas. “Foi un ano complicado”, relata David, “e a finais de abril veu unha pequena xeadá que afectou en case todas as zonas e queimou os gromos cando estaban a nacer. Despois, na floración, viñeron uns días de choivas intensas e tamén estragaron parte da colleita. En



*xeral, tivemos moita choiva e, despois, a calor intensa de maio fixo que houbese moita evaporación de auga e moita humidade ambiental, creando un ambiente propicio para o mildio. Foi un ano normal, nin moi bo nin moi malo. A min cubríume custes e salario”.*

## ■ VALDEORRAS

En Valdeorras recolléronse 5,5 millóns de quilos de uva, das cales 3,5 foron de Godello. “Foron un millón e pico menos con respecto ao ano pasado”, explica **Antonio García Fernández**, vocal do SLG no consello regulador. A pesares de haber menos uva, e a diferenza doutras denominacións de orixe, en Valdeorras si que houbo unha caída de prezos que as adegas xustificaron polos problemas de comercialización que lles está a xerar a Covid-19. “Os prezos caeron entre un 30 e un 40%. Por exemplo, a caste de referencia, que é a Godello, pagouse entre 1 e 1,20 €, cando o ano pasado tivo un prezo de 1,70 €. Coa Mencía, outro tanto: do 1,20 € da vendima pasada aos 80 céntimos desta. E iso a pesares de termos unha uva de calidade excelente”.

## ■ MONTERREI

Por terceiro ano consecutivo, a denominación de orixe Monterrei bateu o seu récord produtivo, pasando dos 5,6 millóns de quilos da vendima pasada aos 5,7 millóns da actual. Dende o consello regulador atribúeno ás

boas condicións climáticas, con escaseza de precipitacións e altas temperaturas. A excepcionalidade desta vendima confirmouna **Amadeo Salgado Cid**, que rexenta a adega Pazo de Valconde, en Mourazos. “A vendima foi excepcional nesta zona, cunha boa gradación para as uvas, que chegaron en perfecto estado. Das mellores vendimas da década. En comercialización si que afectou e segue afectando a crise da Covid na canle Horeca, pero os prezos foron semellantes aos do ano pasado, con valores entre os 80 e os 90 céntimos para a Mencía”.

## ■ RIBEIRO

No Ribeiro apañáronse 9,7 millóns de quilos de uva, lonxe tamén dos 12 millóns recollidos o ano pasado. A explicación témol, igualmente, nunhas condicións climatolóxicas que favoreceron fortes ataques de mildio “como consecuencia directa de dous meses seguidos de sol, con temperaturas superiores a 30º, dende o 20 de xuño até mediados de agosto, o que provocou un grande estrés nos viñedos”, conta **Diego Collarte**, de adega Cume do Avia. Consecuencia disto, completa **Bernardo Estévez**, responsábel do Viño do SLG e pequeno adegueiro en Arnoia, “foi un lixeiro descenso dos rendementos, tanto por cepa de colleita de uvas, como na adega na transformación desas uvas en mosto. Cómpre resaltar que tanto a incidencia de enfermidades fúnxicas

*coma o baixo rendemento das uvas en mosto teñen relación directa cos efectos que o cambio climático está a ter no cultivo da uva e na agricultura en xeral”. En canto aos prezos, “mantivéronse estables con respecto da pasada campaña”.*

## ■ RÍAS BAIXAS

Aínda que as estimacións dos técnicos de Rías Baixas aventuraban unha colleita de 37,5 millóns de quilos, en agosto xa nos advertía o noso vocal no consello regulador, **Manuel Carrera**, que non se acadarían esas cifras debido aos fortes ataques de mildio que sufriron algunhas subzonas e que lle estragou colleitas enteiras a algún viticultor. Ao final, foron 34 millóns de quilos. “No Condado, houbo 1,5 millóns de quilos menos do estimado”, detalla Manuel, “pero onde máis caeu a produción foi na zona do Ulla, onde o ano pasado superaron o millón de quilos e este non chegaron a medio millón”.

En canto aos prezos, tiveron unha leve melloría, cotizándose a uva Albariño de 1'50 € para arriba, cando os prezos normais andan entre 1,20 e 1,30 €. O motivo desta mellora estivo en que houbo máis demanda de uva que oferta, debido á baixada de rendementos, e tamén á mellora nas vendas de viño na pasada campaña.

De feito, a pesares da pandemia, “en Rías Baixas vendeuse mellor este ano que o ano pasado. Iso fixo que houbese unha alta demanda de uva e que se estea pagando ben. De feito, hai falta de uva. Aínda se mercaba máis. Un dato a ter en conta: o ano pasado, cando se comezou a vendima, había nas adegas 11 millóns de litros sen vender; este ano, había 8. Con estes datos, podemos especular con que, de non haber pandemia, posiblemente teríamos vendido moito máis e se terían disparado os prezos da uva a 2 € por quilo pola alta demanda”.



**BANCA** ▶ O rural volve ser o máis afectado polos abusos

## 124.000 sinaturas contra as comisións abusivas de Abanca

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, e o presidente da Asociación Galega de Consumidores e Usuarios (Acouga), Manuel Pérez Arias, foron as persoas encargadas de entregar 124.263 sinaturas recompiladas contra as comisións abusivas de Abanca na sede central da entidade financeira na Coruña. As sinaturas foron recollidas por iniciativa dunha afectada, Iolanda López, cunha campaña en change.org

Nun comunicado anterior a esta acción, dende o SLG reclamamos a devolución das comisións abusivas de mantemento cobradas por Abanca á súa clientela, que subiron sen previo aviso a 50 € por semestre durante o confinamento, o que supón 100 euros anuais.

Como organización agraria, dende o SLG denunciámos que estas comisións abusivas teñen unha repercusión moito maior no rural debido á ampla pre-



senza de sucursais das antigas caixas galegas: Con máis de 500 oficinas, Abanca está presente en 274 concellos e é a única entidade financeira con sucursal en 121. Para o SLG, Abanca es-

tase aproveitando da súa presenza privilexiada na Galiza, pois sabe que as familias destes 121 concellos rurais afectadas non marcharán porque non poden elixir outra alternativa.

**EXTINCIÓN** ▶ Houbo posible omisión de socorro

## Arde un tractor en Guitiriz por negligencia do Concello

Foi o 17 de agosto. Ese día, M.P.P. sufriu un accidente mentres realizaba labores agrícolas nunha finca da parroquia de Labrada (Guitiriz), prendendo lume no tractor. Chamou ao 112, que deu aviso a Protección Civil de Guitiriz. Tras tentar contactar coa policía local e saltarlles o contestador automático, foilles notificado que non había persoal dispoñible de emerxencias para acudir a sufo-car o lume. Ao final, tiveron que

acudir os bombeiros de Vilalba, pero non deron accedido, polo que tiveron que pedir a colaboración da veciñanza e utilizar outro tractor cunha cisterna cargada de auga para extinguir as lapas. Cando se puxeron cos labores de extinción xa non había nada que facer.

Dende o Sindicato Labrego Galego denunciámos a negligencia do Concello de Guitiriz e as grandes perdas ocasionadas pola omisión de socorro.

**INFRAESTRUTURAS** ▶ O SLG apoiou á veciñanza

## Unha proba de rally en Arzúa usa as pistas da parcelaria

O Sindicato Labrego Galego expresou o seu apoio á veciñanza das parroquias do sur de Arzúa polas que discorreu o Rally Terra da Auga, os días 25 e 26 de setembro.

Agás polos carteis que se puxeron días antes informando do corte de estradas, ningunha institución nin organización informou de nada, cando é ben sabido as consecuencias que traen este tipo de competicións no rural: imposibilidade de

levar o gando pacer aos prados, atrancos en plena época de ensilado e colleita do millo, utilización improvisada de fincas como vertedoiros ou bancadas incontroladas para os espectadores, estrés no gando a causa dos ruídos, inevitables estragos en infraestruturas agrarias, etc.

Respecto disto último, o SLG denunciou que o trazado do Rally ía discorrer por pistas de concentracións parcelarias cuxo proceso aínda non rematou.



Estas pistas xa se atopaban nun estado precario antes da proba, polo que non entendemos por

que o Concello de Arzúa acolleu a competición sabendo os prexuízos que podía causar.



**MEDIO AMBIENTE** ▶ Queren traer os refugallos cárnicos de Asturias, Cantabria, Castela-León e Portugal a Galiza

## O SLG apoia a oposición a ampliar as instalacións de Gesuga en Cerceda

De aprobarse as obras, incidiríase en concentrar industrias tóxicas e contaminantes nunha bisbarra moi castigada


O SLG foi unha das organizacións que presentou alegacións ao proxecto de ampliación de Gesuga (Gestora de Subproductos de Galicia SL) en Cerceda.

En concreto, o proxecto contra o que alegamos foi unha modificación das normas subsidiarias do concello cercedense para reclasificar solo urbanizable en Areosa (Queixas), de maneira que se permita unha ampliación de cara a que empresa abra o seu radio de acción e poida procesar refugallos de orixe

animal non só de Galiza, senón tamén doutras comunidades e países como Asturias, Cantabria, Castela-León e Portugal.

A actividade actual de Gesuga xa vén provocando un enorme impacto ambiental e serias molestias na veciñanza de varios quilómetros á redonda, con tráfico permanente de camiós de grande tonelaxe por estradas que non están preparadas ou con fortes cheiros. A ampliación da área de traballo de Gesuga e das súas instalacións non farían máis que agravar o problema.

Dende o punto de vista puramente urbanístico, o proxecto de ampliación presenta numerosas eivas e irregularidades



A veciñanza da comarca de Ordes presentou máis dun milleiro de alegacións contra o proxecto de ampliación das instalacións de Gesuga en Cerceda

por mor das cales pedimos o seu rexeitamento.

Ademais, o propio proceso para presentar as alegacións estivo callado de irregularidades e de atrancos postos polo propio Concello de Cerceda para dificultar o acceso á documentación por parte da cidadanía afectada.

Finalmente, cómpre lembrar que a ampliación de Gesuga empeoraría os impactos medioam-

bientais que está a encaixar unha bisbarra que, de seguir así, acabará por converterse no vertedoiro de Galiza. Lembremos que, na actualidade, a veciñanza xa está a padecer os vertedoiros de Areosa, a planta de Sogama, o ferrocarril de alta velocidade, a central térmica de Meirama, o lago da mina de lignito, os encoros de Vilasén e Vilagudín, o cascalheiro da central térmica, etc.

## O SLG presenta alegacións contra un proxecto mineiro en Beariz e Avión

O Sindicato Labrego presentou alegacións contra a solicitude de Recursos Minerais de Galicia SA para pasar dun permiso de investigación no proxecto mineiro Alberta I, en Beariz e Avión (Ourense), a un permiso de explotación que afectaría unha zona denominada Coto Tocayo nos lugares de Doade, Acevedo e Rubillón. Desta maneira, o SLG mantén a posición contraria a este proxecto mineiro, oposición que vén exercendo dende 2013.

A área que se pretende explotar inicialmente -o proxecto está fragmentado de maneira fraudulenta para evitar a avaliación de impacto ambiental- abrangue 60 cuadrículas mineiras que equivalen, aproximadamente, a 1.680 hectáreas.


O proceso administrativo no que se está a tramitar esta solicitude esta cheo de irregularidades, entre as que destaca que, dende Medio Ambiente e Enerxía e Minas ditaminasen que a empresa non ten que presentar un informe de impacto ambiental que resulta preceptivo por lei, incorréndose nun

presunto delito de prevaricación e de falsidade en documento público.

A lei obriga a que un proxecto mineiro deba presentar un informe de impacto ambiental se se dan tres supostos: que se poidan producir augas acedas ou alcalinas, que se exploten minerais radioactivos, ou que se atope a menos dun quilómetro de núcleos urbanos. Neste caso de Beariz e Avión, danse os tres supostos.

### ✓ A Consellaría de Medio Rural lava as mans e desenténdese

Pola súa banda, a Consellaría de Medio Rural só puxo no seu informe que na zona afectada non hai concentracións parcelarias. Porén, están afectadas as comunidades de montes de Lamacega, Betiscobo, Correa, Framia e Abeleira, unha hectárea de bosque de frondosas con carballos, bidueiros, salgueiros na zona de Porto Espiño; outras sete hectáreas repoboadas de piñeiros. O resto do monte de Doade está practicamente todo arborado.



En canto á actividade pecuaria, nos montes de Correa, Framia e Abeleira existe unha explotación de gando vacún con case un cento de reses con grandes investimentos de Medio Rural; e, no entorno dos lugares de Doade (Beariz) e Acevedo (Avión) tamén se aproveitan os pastos en extensivo por gando vacún e cabalar.



**PAC** ► Mantivo encontros con todos os partidos políticos representados no Parlamento Galego e deu a coñecer a súa posición aos europarlamentarios da nosa terra

## O SLG pide unha fronte común para unha PAC en defensa dos intereses de Galiza

O reparto de fondos agrarios polas hectáreas castiga a Galiza por ser un dos territorios con menor superficie agraria de Europa

O Sindicato Labrego Galego realizou, ao longo do mes de outubro, unha rolda de contactos cos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia para expoñerlles a necesidade de adoptar unha postura común de país para defender unha Política Agraria Común (PAC) que beneficie os nosos sectores agrogandeiros e a singularidade do noso rural.

O último destes encontros realizouse o 20 de outubro co Bloque Nacionalista Galego (BNG), e nel estiveron presentes Ana Rodríguez e Xosé Ramón Cendán por parte do SLG; e María González Albert, Carme Aira e Xosé Luís Rivas "Mini", por parte do Bloque. Nos anteriores encontros, reunímonos coa viceportavoz do Partido Popular no Parlamento, María Elena Candia, e Daniel Vega, presidente da Comisión de Agricultura, Gandería e Montes, o 5 de outubro; e con Martín Seco García, vogal do PSOE na Comisión de Agricultura, Gandería e Montes, o 14 de outubro.

A maiores, e dentro da mesma campaña, enviouse unha carta sobre demandas mínimas para os regulamentos que se ían votar, tamén en outubro no pleno do Parlamento Europeo, aos eurodeputados galegos Francisco José Millán Mon (PP) e Nicolás González Casares (PSOE), e a Ana Miranda, portavoz do BNG na Unión Europea.

A todos e a todas explicámoslle que as negociacións da Política Agraria Común (PAC) entran nun momento decisivo a nivel



Xosé Ramón Cendán e Ana Rodríguez foron dúas das persoas do Sindicato Labrego Galego encargadas de reunirse cos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia, xunto con Diego Sánchez Agra

europeo e estatal, que culminará en primavera de 2021 cando o Ministerio de Agricultura publique o borrador do Plano Estratégico da PAC para España. De feito, na madrugada do 20 de outubro, o Consello de Ministros e Ministras de Agricultura pecharon un acordo sobre a PAC. Polo tanto, cómpre exercer un papel activo como galegos e como galegas para defender os nosos intereses comúns.

Porén, en Galiza semella que o tema non preocupa. Hai constituído un grupo de traballo da PAC no Consello Agrario Galego que, desde o noso punto de vista, tense xuntado moi pouco para debater temas tan transcendentais para os sectores agrarios e gandeiros galegos. Cómpre ter en conta que as decisións sobre a PAC vainas tomar o Ministerio

de Agricultura e que no Estado Español conviven realidades

produtivas moi distintas con intereses moi dispares.

### A PAC segue sen ter instrumentos para regular mercados e prezos

De seguido, expoñemos as peticións que, dende o Sindicato Labrego, estamos pedindo que defendan os partidos políticos galegos:

**1.-** Pedimos aos nosos políticos e políticas que sexan quen de pensar noutra PAC alternativa que contemple instrumentos para regular os mercados os prezos. Mentres sigan tentando convencernos de que o futuro para garantir uns prezos dignos en agricultura son as Organizacións de Produtoras e Produtores (OPs) -levamos anos constatando a súa absoluta inutilidade no sector lácteo- seguiremos padecendo prezos baixos en orixe e falta de rendibilidade na profesión agraria.

**2.-** Pedimos que teñan en conta temas moi importantes doutros sectores que parece que non entran na PAC pero si se están modificando e aféctannos moito: autorizacións de novas plantacións de viñedo, a denominación "viños desalcoholizados", variedades permitidas de uva, a reserva de crise, cuestións sobre os produtos cárnicos, denominacións de orixe, etc.



# Galiza, un dos países con menor superficie agraria, fica marxinada co reparto das axudas por hectárea

O único tema sobre o que hai debate é o reparto dos fondos do chamado primeiro pilar da PAC (axudas directas). A postura do Sindicato Labrego Galego e da Coordinadora Europea da Vía Campesina é a seguinte:

**1. Unha única axuda por persoa activa:** Agora mesmo, as axudas directas do primeiro pilar concédense por dereitos históricos e por hectárea, unha modalidade na que Galiza perde moito, como veremos de seguido. Dende o SLG demandamos unha axuda directa por persoa activa na profesión agraria, nunca un pago por hectárea. A nosa proposta consistiría en facer un só pago como axuda básica á renda, incrementándose para as persoas que se instalen na agricultura ou na gandería durante os cinco primeiros anos e incrementándose tamén para granxas en zonas de montaña.



Eliminaríanse o resto de pagos desacoplados do primeiro pilar que complican moito a xestión e, ademais, serven de pouco.

**2. Galiza perde se as axudas se reparten en función da superficie agraria:** Nos debates no Estado, agora mesmo só hai dous temas enriba da mesa: Quen vai cobrar as axudas no

próximo período e en función de que superficie. Cómpre lembrar que Galiza, coa estrutura territorial que ten, sae permanentemente desfavorecida deste debate para todo o Estado. Agora mesmo, con estas premisas, Galiza está fóra da PAC e levará, coma sempre, só unhas migallas.

## A axuda galega media é de 2.590 € fronte a unha media estatal de case 4.000 €

De seguido, enumeramos unha serie de datos que cómpre ter en conta se queremos que Galiza saia realmente beneficiada coa nova PAC:

■ O pago por hectárea, no caso de Galiza, é completamente inxusto e permitiu que sexamos a **única comunidade autónoma no Estado Español que ten máis persoas que cotizan polo réxime agrario (29.013) que solicitudes únicas da PAC (26.805).**

■ Galiza está entre as comunidades co **ratio máis baixo subvencións / renda empresarial agraria** (19,5% en Galiza fronte ao 30,3% da media española).

■ Tamén temos unha **superficie agraria útil (SAU) das máis baixas do Estado e de Europa**, e unha porcentaxe de superficie con dereitos sobre SAU total dos máis baixos do Estado (58,5% fronte ao 80,7% da media en España). Galiza ten unha SAU por explotación das máis baixas do Estado (20,8% fronte ao 47,7% da media española).

■ Temos un **importe moi baixo de axudas tanto por explotación como por Unidade de Trabaño Agrario (UTA)**. No caso das explotacións de bovino de carne e de leite, unha porcentaxe importante das axudas son as acopladas.

■ Galiza ten un dos **importes medios máis baixos por beneficiario/a nas axudas da PAC** (2590,10 € de importe medio por persoa beneficiaria na Galiza; 3.959,45 € de importe medio por persoa beneficiaria en España).

En resume: Galiza ten moitas máis persoas traballando na agricultura e na gandería que solicitantes da PAC. Tamén ten pouca SAU (das SAU por explotación máis pequenas do Estado) e, desta, só o 58,5% ten dereitos de pago. Todo isto implica, entón, que a axuda media individual da PAC que cobramos en Galiza sexa das máis baixas do Estado.

Polo tanto, se queremos que todas aquelas persoas activas na actividade agraria en Galiza cobren unha axuda básica á renda e intentar igualarnos á media española en axudas, nunca o vamos a conseguir se as axudas seguen a repartirse en función da superficie agraria, tal e como se está proponendo.

Por todo isto, conminamos aos políticos e ás políticas de Galiza, sexan do partido político que sexan, a formar unha fronte común para defender diante do Ministerio de Agricultura unha Política Agraria Común que se adapte aos intereses e á realidade galegas.

### Acordo do Consello de Agricultura da UE con España defendendo os intereses do sector oliveiro

O 20 de outubro, o Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da UE chegaba a un acordo sobre a nova PAC. Neste acordo, o Ministerio de Agricultura defendeu os intereses do sector oliveiro, conseguindo que se inclúa a oliva de mesa entre os sectores que poden recibir axuda asociada. Ademais, proporá que se inclúa o sector oliveiro nos programas sectoriais que se financian co 3% do primeiro pilar a través de organizacións de produtores.

Polo demais, as principais novidades da nova PAC proposta é que se mudan cousas para que todo siga igual: cuns poucos que levarán o maior parte dos cartos, e unha maioría -nela está Galiza- que repartirá as migallas ou quedará sen nada. Estes son os principais puntos do acordo:

✓ **Pago básico:** Levará o 60% do primeiro pilar (axudas directas). A condicionalidade (normas ambientais) será máis estrita.

✓ **Ecoesquemas:** Levan o 20% do primeiro pilar. É un pago adicional para aquelas explotacións que cumpran condicións ambientais extra.

✓ **Mulleres:** Inclúese a muller labrega na PAC, de maneira que os estados poderán facer discriminación positiva.

✓ **Mocidade:** Levará, como mínimo, o 2% da PAC, a través de complementos ao pago básico e axudas de primeira instalación cun tope de 100.000 € por mozo/a.

✓ **Pago redistributivo:** O estados poden incrementar o importe ás primeiras hectáreas para beneficiar granxas con pouca superficie.



**ORGANIZACIÓN** ▶ Encontro na Casa da Terra para repasar a loita do SLG a prol da igualdade das labregas con Pura Seoane, Lidia Senra, Isabel Vilalba e María Ferreiro

## Secretaría das Mulleres: Tirando de raíces o zume para as sementes do futuro

**Das campañas por entrar na Seguridade Social á titularidade compartida, analizouse a traxectoria dende 1977**

O 23 de setembro, a Secretaría das Mulleres tivo un encontro de traballo na Casa da Terra (Antas de Ulla), onde se deu un repaso á traxectoria deste órgano do Sindicato Labrego Galego dende os seus inicios, analizando as súas principais demandas ao longo dos anos, e sentando as bases para un posterior debate de cara a fixar os obxectivos para o presente e o futuro.

As encargadas de dar contido á parte inicial foron sindicalistas que, fose dende a Secretaría Xeral do SLG, fose dende a Secretaría das Mulleres, asumiron a responsabilidade de coordinar e liderar o traballo dunha organización coma o SLG que, dende os anos setenta do século pasado, foi pioneira en numerosas loitas dirixidas a reivindicar e defender os dereitos das mulleres labregas en Europa.

Lidia Senra, Pura Seoane, Isabel Vilalba ou María Ferreiro debullaron, así, a memoria desta organización agraria dende que, en 1977, o Fouce lle dedicara un primeiro texto á realidade das mulleres labregas e, ao pouco, as nosas demandas se concretasen no apoio a unha gandeira da Estrada á que non deixaban darse de alta na Seguridade Social Agraria por estar casada cun traballador autónomo; e a outra que tivo que loitar por ser titular da granxa que herdara lexitimamente e da que, por lei, pasaba a ser titular o seu cónxuxe, tamén labrego.

Estas loitas propiciaron a creación da Secretaría das Mu-

lleres, que puxo estas problemáticas específicas das labregas na axenda estatal, culminando con decisións políticas como a promulgación da Lei de Titularidade Compartida en 2011. Porén, aínda queda moito por facer se temos en conta que, dende aquela, só 18 mulleres se deron de alta como cotitulares na Galiza, 731 a nivel estatal.

E non só nesta cuestión: a discriminación das labregas na Seguridade Social ao cotizar menos tempo e menos cartos cóos homes e, polo tanto, ao rematar a súa vida laboral coas pensións máis baixas; a falla de servizos públicos e de apoios nos traballos que as mulleres suman á súa profesión, como os coidados da rapazada e das persoas maiores e dependentes; a marxinación nas axudas da PAC por non ser consideradas agricultoras profesionais; o agravamento da violencia machista no rural; a falla de paridade nos órganos de dirección de cooperativas, asociacións e sindicatos agrarios; etc.

### Necesidade de achegar o traballo da Secretaría ás propias labregas

No debate sobre como mellorar o traballo da Secretaría das Mulleres nos vindeiros anos, xurdiron varias propostas, moitas coincidentes na necesidade de integrar máis as afiliadas nas actividades sindicais e na toma de decisións, facéndolas máis partícipes no traballo da Secretaría das Mulleres e procurando que teñan maior participación nos órganos do Sindicato Labrego.

Outra maneira de achegar o labor da Secretaría das Mulleres ás afiliadas será a relocalización da súa actividade, cun traballo en equipo a nivel comarcal e traballando máis a escala local para que haxa un achegamento maior ás problemáticas específicas das mulleres labregas.





**FORMACIÓN** ▶ Ademais da visita a proxectos de vacún de carne e transformación de leite, nesta ocasión acompañounos pola tarde o director de cinema Oliver Laxe

## Gandería e cinema en terras de Monfero na sexta Xornada de Granxas Abertas

A metade do día ocupouse con charlas e debates ao redor de temas como a eucaliptización e a Política Agraria Común

O 11 de outubro, celebrouse a sexta Xornada de Granxas Abertas que, desta vez, viaxou a terras de Monfero para visitar os proxectos Marco da Curra e Requeixo Restrebas. Ademais, nesta ocasión tivemos un invitado especial, o director de cinema Oliver Laxe quen, recentemente, levou o premio do xurado na sección “Un certain regard” do Festival de Cannes polo seu filme “O que arde”, que tamén foi seleccionado polo cinema español para competir nos premios Oscar.

A primeira visita foi a **Marco da Curra**, onde cinco socios comparten a cría de setenta cabezas de gando vacún para carne. Cadaquén ten a súa granxa, polo que neste proxecto fan quendas de dous días para atender o gando e reparten en igualdade beneficios e gastos.



Apostaron pola raza Limousin pola súa rusticidade, xa que a zona é moi ventosa e fría no inverno e as vacas están sempre ao aire libre; e a súa facilidade para os partos. Un dato: nos 52 alumbramentos que tiveron este ano, só houbo incidencia. Os problemas, de habelos, téñenos coa fauna salvaxe, sobre todo co lobo. O ano pasado perderon oito becerros por ataques.

En canto á base territorial, xestionan 54 hectáreas propiedade da Xunta, que lles arrenda as terras con contratos por doce

anos. Cando rematan os contratos, saen as parcelas a poxa. Os cartos recadados son para a parroquia. Cada vez hai menos veciños que traballan a terra, polo que as parcelas poxadas cada vez son máis grandes. Ao comezo, eran de 3 hectáreas; agora, xa son de cinco.

### ✓ Requeixo Restrebas

Despois visitamos a granxa de **Pablo González**, na parroquia Val Xestoso. Pablo deu o relevo na granxa familiar, cunhas instalacións para 50 vacas que

viña dun modelo intensivo. Actualmente, ten 35 vacas e xestiona 26 hectáreas. Vende o 90% do leite para a industria, e o resto dedícaa a elaborar o requeixo Restrebas nas instalacións remodeladas dunha antiga queixería da familia. Agora mesmo, ao estar só, nin sequera pode facer pastoreo en todas as terras da granxa porque algunhas quedan lonxe e precisaría contratar unha persoa, pero cos ingresos actuais non pode.

Iso fai que estea nun cruce de camiños: ou medrar para aumentar volume, ou decrecer para aumentar a rendibilidade a través da transformación e da calidade. Pablo está a apostar pola segunda opción, xa que a súa intención é reducir a cabana gandeira e realizar a conversión a ecolóxico, aumentando o volume de leite transformado e comercializado como requeixo para ter máis ingresos e poder contratar persoal. Para que iso aconteza, calcula que debería transformar 5.000 litros de leite á semana.

## Oliver Laxe: “Non hai nada máis político que tentar abrir o corazón da xente”

Durante a tarde, aproveitando o marco incomparable de Casa Louzán, tivemos un intenso programa de charlas e debates ao redor das políticas forestais e da PAC, dinamizados polas intervencións de Diego Sánchez e Ana Rodríguez, técnico e técnica especialistas en ambas áreas no SLG.

O remate correu a cargo de Oliver Laxe, con quen puidemos ver o seu filme “O que arde” e, posteriormente, dialogar durante máis dunha hora sobre temas como a eucaliptización, o abandono rural, os proxectos de revitalización do campo, etc. Oliver Laxe explicounos que, aínda que o seu filme poida ter moitas lecturas e moitas connotacións dende un punto de vista político -tal e como demostrou ese diálogo posterior- el tentou crear a súa obra á marxe de todo debate. Explicouno afirmando que “*Non hai nada máis político que o poético. Non hai nada máis político que tentar abrir o corazón da xente. Non hai nada máis político que, ao rematar unha proxección de “O que arde”, che veña xente dicir que quere rehabilitar a casa dos avós ou volver á terra. As películas políticas non moven suficientemente o corazón do espectador; son moi necesarias e gústanme, pero dende o principio souben que o meu filme debía ser algo diferente.*”





# “As políticas de Feijóo acabaron coa pequena produción na Galiza”

► Vén da páxina 24

■ **Es unha persoa moi activa en redes sociais e moi crítica coas políticas do agro. Segues a selo?**

Cada vez máis. Canto máis me involucro en política, máis crítico son. Ao final ves que o único que fan polo campo é dicir boas palabras, catro fotos bonitas en precampaña e, á hora da verdade, todo queda en nada. Se analizas as listas electorais que se presentaron ás Eleccións Autonómicas, cantas persoas labregas había en postos de saída para darnos voz na actual lexislatura? Cantas persoas labregas pasaron polo Parlamento de Galicia como deputadas? Igual algún empresario da agricultura, pero labregos ou labregas como tal, penso que ningunha.

■ **Iso das listas inclúe aos que gobernan e á oposición...**

É que o discurso sobre o rural da esquerda é surrealista. Podes agardar algo así da esquerda estatal, que sempre tivo o problema de levar moitas xeracións desconectada do rural e tende a idealizalo, pero sor-

prende na esquerda de aquí. Por exemplo, eu son ateo, pero teño un profundo respecto por manifestacións relixiosas como as procesións porque sei a importancia que teñen para as miñas veciñas. Hai moita xente de esquerdas que non entende isto. Así non podes ter un discurso para o rural nin vas gañar nada no rural, e posllo moi doado á dereita.

Para moita xente de esquerdas o rural límitase ás vilas e esquécese das aldeas. Por iso cada día vexo máis necesario o traballo do SLG de cara a darlle voz ao rural porque, se non, ninguén o vai facer.

■ **Agora que volveu gañar as eleccións, que balance fas da década de Feijóo?**

O balance está bo de ver. Con dar un paseo por Ourense ou Lugo faise o balance só. As parroquias cada vez con menos xente, con moitas persoas que emprenden no rural vivindo nas vilas e boa parte do sector produtivo que se foi á merda.

Séguese sen asumir que o rural era o sector produtivo pri-

mario. Eu non digo que todo o mundo que veña vivir ao rural teña que vivir do sector primario, pero o que está claro é que sen un sector primario potente no rural non vai a haber outras opcións para vivir nel. As políticas de Feijóo acabaron con iso, cos pequenos produtores. As granxas que quedamos xa somos de resistencia.

■ **A ti afectáronche esas políticas?**

Como a todos. O tema das axudas é surrealista, e no resto o mesmo. As grandes empresas son as que marcan os prezos que se pagan e as dinámicas de consumo da xente, e así imos mal. E canto máis se axuda ás grandes empresas, máis terra e recursos acaparan, porque todo o que usan eles non vai quedar para as pequenas granxas. No interior aínda non o notamos porque o abandono é total, pero xa hai empresas como Greenalia disposta a mercar eucalipto para queimar dunha raza que se dá en zonas frías e de montaña. A ver se agora que xa temos a costa inzada de eucaliptos para

Ence, imos comezar a encher o resto do país para Greenalia. Estas políticas non nos afectan só aos que quedamos no rural. Ao final, a merda das grandes industrias comémola todos.

■ **Hai dous anos, ti fuches un dos mozos que participou dende Galiza na Escola de Acción Campesíña que organiza Plataforma Rural. Que recordo che quedou?**

A nivel profesional, foi a gran experiencia da miña vida. A miña explotación segue funcionando hoxe grazas á Escola de Acción Campesíña e ao Sindicato Labrego Galego. Coñecer a experiencia industrial en horta máis besta que vin na miña vida, en Almería, foi o que máis me animou a facer en horta xusto o contrario, que é o que fago hoxe. A agricultura industrial é totalmente insostible e, de seguir así, imos chegar a un punto de colapso irreversible como xa se chegou nalgúns zonas, como no Mar Menor coa horticultura e fruticultura intensivas, ou en Cataluña e Aragón co porcino.





## Compra - Venda - Troco

### VENDAS

#### Véndese

-Herba seca en Santa Cristina (Cospeito).  
☎982 505 755

#### Véndese

-Máquina de limpar cereais. O Corgo.  
☎648 718 864 (Juan Manuel)

#### Véndese

-Bolos de herba seca.  
-Tractor John Deere.  
-Cargador Galagri.  
Todo en bo estado e con documentación.  
☎605 642 666 (Milio)

#### Véndese

-Carro de cabalo completamente novo, con todos os aparellos.  
☎981 788 202

#### Véndese

-Arpa eléctrica antivelutina, con panel fotovoltaico, cinco metros de cable eléctrico e dúas trampas eléctricas Diana antivelutina.  
Todo por 90€.  
☎606 192 085

#### Véndese

-Dúas xovencas de raza frisoa. Prezo negociable. Zona de Cabanas.  
☎981 446 501

#### Véndese

-Tanque PACKO de 1.500 l.  
-Estendedor de silo en rolete, en bo estado.  
-Desinsiladora.  
-Arado antigo de vertedeira para decoración.  
-Mel.  
En Vilardemouros (Meira).  
☎982 330 623 / 662 471 382

#### Véndese

-Granxa de porcino na zona de Os Blancos (Ourense)  
☎645 011 240

#### Véndese

-Dúas vacas e un boi de sete anos. Prezo a tratar.  
☎670 895 789

#### Véndese

-Vacas de carne con algunhas crías. N'As Pontes. Por xubilación.  
☎600830624 (Xabier)

#### Véndese

-Arpa eléctrica antivelutina, con panel fotovoltaico, cinco metros de cable eléctrico e dúas trampas eléctricas Diana antivelutina. Todo por 90 €.  
☎606 192 085

#### Véndese

-Autocargador-picador de 2 eixes hidráulico en bo estado.  
☎667 469 962

#### Véndese

-Silo. Zona de Oza dos Ríos.  
☎670 895 789

#### Véndese

-Viño de Barrantes.  
☎986 689 486

#### Véndese

-Rolos de herba seca. 50 unidades da campaña 2020.  
-Patacas do país.  
☎680 107 271 (Xosé Manuel)

#### Véndese

-Tanque de 1.400 litros.  
-Xovencas frisoas próximas ao parto  
☎660 652 529 (Suso)

#### Véndese

-Tractor John Deere 3140, con anclaxes para pa.  
☎648 611 395 (Fernando).

#### Véndese

-Empacadora Class 41  
-Estendedora-hilerador en bo estado.  
☎657 120 832

#### Véndese

-Autocargador e cisterna.  
☎626 686 509 (Cándido).

#### Véndese

-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.  
-Aboadora 2.000 Kg. Amazona.  
-Tractor Barreiros moi antigo especial para coleccionistas.  
-Tractor Same de 130 CV.  
-Desensiladora.  
Por peche de explotación en Friol.  
☎982 183 019 / 628 785 466

#### Véndese

-Tanque de leite Packo 3100. Enfriadeiro Packo de 3.100 litros con dosificación automática e recuperador de calor con grupo separado. Modelo REM/DX.  
En Barreiros (Lugo).  
☎676 902 914 (Alfonso).

#### Véndese

-Planta de arandos en ecológico. Procedente de nais de 5 anos con certificación do Craega. Na Comarca de Compostela.  
☎616 229 380 (Rosa)

#### Véndese

-Tractor.  
-Aboadora.  
-Autocargador.  
-Becerro de Rubia Galega.  
☎689 752 400

#### Véndese

-Caldeira de leña para casa de 100 a 110 m². En Pontearreas (Pontevedra)  
☎649 369 179 (Amador)

#### Véndese

-Ringleirador FELLA 6.30 m ancho. Rotores recién reparados. 3.000 €  
-Sementadora de millo MO-NOCEN 4 4 liñas con aboadoras. 1.000 €  
-Ensiladora de millo TAARUP 1, unha liña. 500 €  
☎620 670 303 (Juan Antonio)

#### Véndese

-Emboladora CLAAS ROLAND 46 en perfecto estado de funcionamento. Sen papeis.  
☎670 320 138

#### Véndese

-Tractor Massey Ferguson 5611 de 110 CV. Ano 2015, 1.500 horas de traballo.  
-Rotoempacadora Fendt en bo estado.  
En Forcarei (Pontevedra).  
☎644 250 674 (Manuel).

#### Véndese

-Autocargador-picador Pottinger Boss 1  
-Elevador de vacún.  
-6 cornadizas regulables en anchura.  
-Estendedor de silo.  
En Guntín (Lugo).  
☎982 320 206 / 686 811 992 (José).

#### Véndese

-Empacadora Claas nº 41. En bo estado, limpa, engrasada e preparada para traballar.  
-Ringleirador-estendedor.  
☎657 120 832

#### Véndese

-30 rolos de silo e 30 de herba seca.  
En Baroncelle (Abadín, Lugo)  
☎982 178 970 / 665 603 933

#### Véndese

-Citröen Xsara HDI, 90 CV.  
☎659 993 345 (Juan)

#### Véndese

-7 xovencas.  
-Ensiladora BLV.  
-Maquinaria diversa.  
En Cambre (A Coruña) por cese de explotación. Prezo negociable.  
☎665 007 372 (Carme)

#### Véndese

-Tanque Serap de 3.500 litros.  
-Sala Tandem Miele de 5 puntos.  
-Retiradores  
☎646 696 222

#### Véndese

-Autocargador rotativo Riberi, con ITV pasada até 2021.  
-Cisterna de 4.000 litros Romay C40, con ITV pasada até 2021.  
-Sulfatadora de 500 litros Sanz Olite de 500 litros.  
Por xubilación.  
☎653 911 180 / 698 153 812

#### Véndese

-Rolos de herba seca.  
☎619 267 520

#### Véndese

-Tractor Fiat 70-66 DT con apeiros: Remolque, arado, fresa, desbrozadora, etc.  
Prezo: 15.000 € (negociables).  
En Abegondo (A Coruña).  
☎661 808 545

#### Véndese

-Tractor Ebro 55: 2.000 €  
-Cisterna de 6.000 litros.  
-Tractor John Deere 2140 simple, 82 CV.  
☎667 469 962

#### Véndese

-Cisterna de 1.800 litros en moi bo estado polo pouco uso. Con documentación. Barata.  
-Segadora de peite acoplada ao tractor. Moi bo estado de conservación. Tamén ten peites reposto. Moi económica.  
Ocasión, cese de actividade.  
☎618 075 633 / 981 196 114

#### Véndese

-Rolos de silo de herba (Lugo).  
☎649 147 614

#### Véndese

-Prensa de queixo en Sobrado dos Monxes.  
☎981 788 859 / 628 586 957

#### Véndese

-Colleitadora de patacas Grimme LK 650 en bo estado: 8.000 €  
-Repartidor de esterco con aspas verticais de 8 metros: 5.000 €  
-Motor de regar Campeón de 24 CV: 1.900 €  
☎690 281 690 / 659 690 607

#### Véndese ou alúgase

-Granxa avícola en A Estrada de 1.200 m², con capacidade de até 18.000 polos. Dispón tamén de finca anexa.  
☎634 409 255

#### Véndese

-Finca en Oroso de 13 has.  
☎652 558 195 / 635 693 903

#### Véndese

-Becerras limousins en Lugo.  
☎685 884 257.

#### Véndese

-Tractor Ebro a bo prezo.  
☎689 752 400

#### Véndese

-Rabaño de vacas de monte, rubias e os seus cruces.  
☎626 442 294

#### Véndese

-Becerras e becerras de raza rubia.  
☎986 668 820

#### Véndese

-Dous bois capados, un Rubio e outro cruzado Rubia-Caldelá.  
☎646 423 856

#### Véndese

-Carro mesturador Tatoma de 10 m3.  
-Tractor EBRO 6067.  
-Picadora Class Jaguar 695 Mega, con cabezal de millo e herba.  
-Pacas grandes de herba seca picada.  
-Desbrozadora de cadeas TMC  
☎648 611 395. (Fernando).

#### Véndese

-Segadora BCX.  
-Rotativa de 1,65 de corte.  
-Tanque Pako de 1.000 litros.  
-Remolque.  
-Circuíto de muxido 4 puntos.  
-Cisterna de auga de 2.500 l.  
-Cisterna de xurro de 2.500 l.  
-Rotoempacadora.  
☎669 836 716

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

## AXUDAS AO SECTOR DA CARNE DE VACÚN

✓ **Procedemento:** MR436F (só autorizado en modo telemático)  
✓ **Definicións:** Vaca nutriz (teranse en conta todos os animais con 24 ou máis meses localizados na explotación con data 14 de marzo de 2020).

✓ **Prazo:** dende o 30 de Outubro ao 30 de Novembro (ámbos inclusive).  
**Persoas Beneficiarias:** Titulares de explotacións agrarias con orientación produtiva cárnica de vacún.  
**Requisitos das persoas beneficiarias:**

1) Ter actividade antes do 1 de xaneiro de 2020. Persoas físicas titulares de explotación estarán de alta no réxime agrario da Seguridade Social e as persoas xurídicas na actividade económica agraria na AEAT.

2) Inscrita no REAGA con clasificación de reprodución para produción de carne ou mixta con 10 ou máis vacas nutrices no 14-03-2020 na base de datos oficiais de explotacións e de identificación de bovinos.





Santi comezou a choiar moi novo, con tan só 17 anos, sempre en empregos que dunha maneira ou outra dependían do boom inmobiliario, até que tomou a decisión de non volver traballar para ninguén. Non foi doado e tivo que superar a súa falta de experiencia a base de erros, pero hoxe xa asentou con dúas hectáreas de horta repartidas entre as terras que ten a súa familia en Amedo e as que lle cede a veciñanza en Vilar da Ponte, a parroquia de Cartelle onde vive.

## “No comezo da actividade hai que ir amodo e asumir que só vas sobrevivir”

### ■ Que te animou a dar esa viraxe para vivir da terra?

Eu sempre tiven relación coa terra. Vivo nesta casa dende os tres anos e veño de familia labrega. Pero o que máis me animou foi non asumir o feito de ter que estar toda a semana traballando fóra da casa, producindo cartos para outra xente. Non me gustaba en que se gastaba a riqueza que eu xeraba, nin como se xeraba. Estiven traballando en obras que eran un auténtico despropósito e facíame mal pensar que a xente despois ía hipotecarse corenta anos en pagar aquilo. Hoxe en día vexo que acontece coa alimentación algo semellante ao que pasou daquela coa burbulla inmobiliaria.

### ■ Foi moi difícil a incorporación á profesión labrega?

Sempre tentei saír cara a adiante sen contar coa administración. Ao principio, cando probei coas ovellas, foi todo a base de axuda da familia. Cando teñei cuns amigos formar unha cooperativa de horta, tampouco tratei moito coas administracións, pero comecei a ver que había moita confusión cando ía informarme sobre as liñas de axuda que existían. E ao poñerme eu só a traballar, cando levaba dous anos coa horta, animeime a pedir a primeira subvención da miña vida e, despois de todo o que pasei, oxalá sexa a última.

### ■ Tan mal foi?

Vivín nas miñas carnes a realidade das subvencións: se tes previamente cartos, pódelas pedir; senón, é unha loucura. Eu non lle recomendo pedir unha subvención a alguén que non teña recursos. Tardan moití-

simo en pagar, pero o investimento tes que facelo igual. Se non tes cartos aforrados para termar, ou para que che adiante o importe o banco, vaste ver moi apurado. Podes verte xa facendo fronte aos gastos da explotación, que che veña un problema ou un inconveniente e, ao non ingresar a axuda, quedar colgado. E xa non digamos se tes que estar facendo fronte a un crédito. Eu só pediría subvencións se xa tes unha explotación funcionando. Para comezar, eu recomendo ir moi amodo, ir collendo experiencia sen investir demasiado antes de embarcarte en grandes proxectos. É mellor asumir que durante un par de anos vas só sobrevivir que empezar ao grande.



## “Prefiro vender a particulares e tendas que aos supermercados”

### ■ Ti apostaches pola venda directa. Foiche moi difícil abrir mercado?

Eu vendo directamente a tendas en Ourense, que me queda a vinte minutos. O meu problema máis grande agora mesmo é que non dou producido o que me demandan. Ao traballar só en exterior, en inverno tes unha produción moi limitada. Se algún día dou cuberto a demanda que teño, para min sería máis que suficiente. Mesmo cun par de puntos de venda máis, podería empregar unha persoa a maiores na explotación. Pero agora mesmo non quero investir aínda en invernadoiros. Primeiro, gustaríame mercar un tractor propio, xa que agora traballo co do meu tío. Pero prefiro ir amodo.

### ■ Son mellores os prezos ao vender directamente a tendas?

Ese segue a ser o grande problema, mesmo vendéndolle ao pequeno comercio. Os prezos de venda ao público márcano as grandes superficies, e os consumidores e consumidoras non asumen

valores moito máis elevados ca eses. Por outra banda, as tendas tamén teñen os seus gastos, moi grandes, e tampouco che poden dar moito polas túas producións. Ourense, por exemplo, ten as pensións máis baixas de España, e o nivel salarial aquí ten baixado. Eu teño amigos que hoxe cobran polo mesmo traballo menos do que gañaban hai dez anos. Así que a xente tampouco pode pagar moito polo que merca. No meu caso, prefiro producir sen certificado ecolóxico para aforrar custes e poder chegar a máis xente co que produzo.

### ■ Nunca pensaches en venderlle a grandes superficies?

Non, e téñenme feito ofertas. Vegalsa e Gadisa, por exemplo, adoecen por mercar produtos locais e teñen comerciais por aí adiante buscando. E pagan ao mesmo prezo que me pagan nas tendas, pero se pode evitar venderlle a grandes superficies, evitareino. Prefiro vender a particulares e pequenas tendas de barrio.

▶ **Continúa na páxina 22**